h) Elaborar estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión dos procedementos administrativos da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

i) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da institución do Valedor do Pobo lle sexa asignada polos seus superiores xerárquicos.»

Cinco. *Modifícase o artigo 24, que queda redactado da seguinte forma:*

«O Servizo de Apoio será designado polo Valedor do Pobo de acordo coa relación de postos de traballo aprobada pola Mesa do Parlamento de Galicia. Asumirá as seguintes funcións:

a) O apoio e asesoramento ao labor da institución e a realización de estudos e informes de carácter técnico-xurídico nas materias que lle sexan encomendadas.

b) A tramitación, informe e seguimento dos expedientes de queixas naquelas áreas que se lle asignen.

c) A asistencia ao secretario xeral para a tramitación dos asuntos en que deba intervir a institución.

d) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores, ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da institución lle sexa asignada polos seus superiores xerárquicos.»

Sexto. *Modifícase o artigo 24 bis, que queda redactado da seguinte forma:*

«O Servizo de Contratación e Xestión Económica será designado polo Valedor do Pobo de acordo coa relación de postos de traballo aprobada pola Mesa do Parlamento de Galicia. Asumirá as seguintes funcións:

a) A coordinación coa Intervención do Parlamento de Galicia para os efectos da actividade económico-financeira da institución.

b) A confección do orzamento anual.

c) O impulso dos expedientes de contratación precisos para o adecuado funcionamento da institución.

d) O mantemento da sede do Valedor.

e) Calquera outra función que, sendo análoga ás anteriores ou tendo carácter instrumental para garantir o correcto desempeño das funcións da institución,lle sexa asignada polos seus superiores xerárquicos.»

*Sexto bis. Modifícase o artigo 25, que quedará redactado da seguinte forma:*

Artigo 25

1. Os servizos poderán estruturarse nos negociados que se precisen. A provisión das xefaturas deses negociados realizarase a través do procedemento legalmente establecido.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Todos os escritos dirixidos ao Valedor do Pobo se recibirán a través do Rexistro, onde se examinarán e se clasificarán.»

Sétimo. *Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada da seguinte forma:*

«Disposición adicional segunda

As referencias que se conteñan neste regulamento á figura do valedor do pobo, ao seu adxunto, ao secretario xeral, ao coordinador xeral, ao vicesecretario xeral, ao interventor do Parlamento de Galicia, ao subdirector da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, aos asesores e aos xefes de servizo, deberán entenderse referidas ao valedor ou valedora, ao adxunto ou adxunta, ao secretario xeral ou secretaria xeral, ao coordinador xeral ou coordinadora xeral, ao vicesecretario xeral ou vicesecretaria xeral, ao interventor ou interventora do Parlamento de Galicia, ao subdirector xeral ou subdirectora xeral da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, aos asesores ou asesoras, e aos xefes de servizo ou xefas de servizo.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

A modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024
Paula Prado del Río
Óscar Insua Lema
Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
04 XULL. 2024
Núm. 6646

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
04 XULL. 2024
SAÍDA
Nº 55

Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o **"Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia"**, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 1 de xullo de 2024.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 04/07/2024 09:18:46

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Validación: https://sede.xunta.gal/cve
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

DIEGO CALVO POUSO, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de xullo de dous mil vinte e catro adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o *Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia* e a súa remisión ao Parlamento de Galicia".

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a un de xullo de dous mil vinte e catro.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

# PROXECTO DA LEI DE CULTURA INCLUSIVA E ACCESIBLE DE GALICIA

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O libre desenvolvemento da personalidade, xunto coa dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes e o respecto á lei e aos dereitos dos demais, son fundamento da orde política e da paz social, segundo sentenza o artigo 10 que introduce o título I da Constitución española, "Dos dereitos e deberes fundamentais".

De cara ao libre desenvolvemento da personalidade, resulta preciso manter un equilibrio axeitado de todas aquelas circunstancias e condicións que teñen unha incidencia directa no benestar e no acceso das persoas a todos os ámbitos de actividade, incluído o cultural. Neste proceso, a garantía da igualdade de oportunidades convértese no mecanismo indispensable para anular as dificultades de partida circunstancialmente concorrentes, polo que é fundamental o compromiso de todos os poderes públicos.

Esta lei quere facilitar o dereito de acceso á cultura de todas as persoas, sen excluír a ninguén, baixo o respecto á igualdade de oportunidades e á non discriminación. En tal senso, nace co obxectivo de conciliar a cultura coa realidade das diferencias que presentan as persoas, especialmente aquelas pertencentes a colectivos cuxa situación de desvantaxe, persoal ou social, acaba coverténdose tamén nun atranco no ámbito cultural.

Esta norma xorde tamén co obxectivo de apoiar e de lles dar visibilidade á creatividade e ao talento artístico de tantas e tantas persoas que, pola súa situación de dificultade, en ocasións permanecen invisibles ao público, e á sociedade en xeral, co menoscabo que iso lles reporta no eido social e económico e co grave dano para a súa dignidade e desenvolvemento persoal.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A maior abastanza, é un obxectivo desta lei que a visibilidade do talento e da creatividade dos colectivos con máis dificultades se faga de xeito normalizado e sen estereotipos.

Carece o noso ordenamento xurídico dunha norma que regule o dereito de acceso á cultura en termos de inclusión e accesibilidade, integrando de forma conxunta a perspectiva da creación e a do consumo cultural. O actual mapa normativo adoita regular as cuestións culturais por unha banda e as inclusivas e de accesibilidade pola outra, converxendo en cuestións moi puntuais e concretas. Esta lagoa xustifica a necesidade e oportunidade dunha lei, en materia de cultura, que aúne os aspectos da inclusión e da accesibilidade, a partir do marco de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, o cal lles permite a estas, segundo o previsto no artigo 148.1.17 da Constitución española, asumir competencias en materia de fomento da cultura.

En coherente liña co texto constitucional, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, imponlles aos poderes públicos de Galicia a obriga de facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social. Así mesmo, no seu artigo 27.19, recóllese a "competencia exclusiva en materia de fomento da cultura (...), sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución".

II

A realidade da que parte este texto legal é a da existencia de colectivos desfavorecidos ou con maiores dificultades de inclusión, colectivos que se atopan nunha situación de desvantaxe respecto dos cales, cobra unha especial importancia a obriga imposta aos poderes públicos polo artigo 9.2 da Constitución española: "Correspóndelles aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e máis dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social".

De igual maneira, o artigo 44.1 establece que "os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito", previsión clara e rotunda que se aliña coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos, onde xa en 1948 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas deixou recoñecido o dereito de toda persoa a satisfacer os seus dereitos culturais, así como a participar libremente na vida cultural da comunidade e a gozar das artes.

Este mesmo organismo internacional marcou un fito coa súa Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, ratificada polo Estado español e publicada no *Boletín Oficial do Estado* o 21 de abril de 2008. Nela establécese o compromiso de fomentar, protexer e asegurar o pleno goce dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente. A devandita convención convértese nunha ferramenta xurídica internacional de carácter vinculante para os Estados na defensa e garantía dos dereitos das persoas con discapacidade en todas as ordes da vida, incluída a cultural. Ao mesmo tempo, considera a accesibilidade como un elemento transversal en cada un dos ámbitos de actividade.

En sintonía con estes obxectivos, o Tratado da Unión Europea aséntase, segundo o seu artigo 2, en valores de "respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías. Tales valores son comúns aos Estados membros nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes".

Tamén convén destacar o firme compromiso da Unión Europea, asumido no artigo 3 do Tratado de constitución, por combater "a exclusión social e a



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

discriminación", por fomentar a "igualdade entre homes e mulleres" e por respectar "a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística".

Existen no ámbito da Unión Europea numerosos exemplos de estratexias e plans dirixidos a corrixir situacións de desvantaxe respecto de grupos específicos. De forma particular, o recente Plan de acción en materia de integración e inclusión para 2021-2027 nace coa idea de converter a integración nun dereito e tamén nunha obriga para todas as persoas, a fin de construír sociedades máis cohesionadas e prósperas.

O noso ordenamento xurídico contén normas que inciden na mellora das condicións de benestar social de colectivos concretos, como o da discapacidade ou o das mulleres vítimas de violencia de xénero e de violencia doméstica, entre outros colectivos en risco de exclusión social. Alén das circunstancias propias destes colectivos, existen outras que son igualmente determinantes da concorrencia dun risco de exclusión cultural, tal pode ser o caso do territorio, cuxa configuración en Galicia pode nalgúns casos limitar o acceso á cultura para unha parte da poboación. Xa que logo, faise preciso ter presente este elemento á hora de remover os obstáculos que poidan impedir que a cultura chegue a todas as persoas con independencia de onde vivan. En tal senso, os formatos para a prestación de servizos culturais deberán ser flexibles e, a maiores, a tecnoloxía adquire tamén un especial protagonismo para superar as barreiras territoriais.

O espírito que preside esta norma é que o acceso á cultura non quede limitado para ningunha persoa, con independencia de cales sexan as súas condicións e circunstancias particulares, individuais ou colectivas.

Todas as persoas, todas as diferenzas e todas as capacidades, por especiais que nun principio poidan parecer, enriquecen calquera sociedade e constitúen un motor cultural que esvaece as fronteiras físicas e intelectuais. A mirada da diversidade resulta especialmente alentadora para a creatividade artística, pero tamén para a cohesión social. Así nolo recorda o lema da Unión Europea "Unida na diversidade", en referencia á creación dunha Unión que nace da



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA

gran diversidade de culturas, tradicións e linguas dentro do continente europeo.

Precisamente o proceso de creación cultural eríxese en moitos casos como a ferramenta máis efectiva para incorporar á sociedade os colectivos máis desfavorecidos e contribuír a que recuperen a capacidade plena de desenvolvemento persoal e social.

Xa que logo, é preciso poñer alicerces para que o acceso á cultura configure un dos bloques esenciais de actividade de toda persoa, independentemente de cal sexa a súa situación de partida ou capacidade. Trátase de que a autonomía presida calquera decisión persoal, tanto á hora de consumir cultura, como tamén á hora de creala.

Todo isto sen esquecer que a cultura en Galicia está conformada por un conxunto amplo e diverso de prácticas e de actividades de gran relevancia no ámbito social, económico e institucional. No ámbito social, a cultura forma parte das vivencias e experiencias da maioría das cidadanía, como creadores, receptores ou consumidores da mesma, xerando un tecido asociativo de base cultural con ampla implantación no territorio. No ámbito económico, a cultura é unha actividade que configura un sector produtivo que crea riqueza, postos de traballo e desenvolvemento comunitario, xerando unha economía baseada nas prácticas culturais e creativas. E no ámbito institucional, as administracións públicas dispoñen de competencias en materia de cultura e exércenas mediante a dotación de recursos e de políticas activas que procuran a mellora da calidade de vida da cidadanía a través da cultura. No caso da Administración Pública autonómica, disponse dunha consellería con competencias na materia e de unidades que desenvolven as políticas culturais.

Ademais, Galicia é unha comunidade autónoma cun importante e rico patrimonio cultural, tal como nos lembra a regulación, entre outras, da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, onde se conteñen elementos que resultan ser algúns dos mellores exemplos da diversidade; tal



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

é o caso dos Camiños de Santiago, que lle amosan ao mundo boa parte da identidade da cultura galega e traen a Galicia a riqueza cultural, social e vital doutros pobos. Sen dúbida, resulta un exemplo evocador do espírito desta nova norma.

III

Configuran o corpo desta lei un total de 21 artigos, unha disposición adicional única, unha disposición derrogatoria única e tres disposicións finais.

A lei divídese en dous títulos. O primeiro deles, "Disposicións xerais", regula o seu obxecto, ámbito de aplicación, principios rectores e obxectivos. Ao mesmo tempo delimita un aspecto presente en todo o articulado, os factores de risco de exclusión cultural. Moitos destes factores son coincidentes cos regulados pola normativa en materia de inclusión social; a maiores incorpóranse outros, como o territorio e mesmo os grupos de interese cultural de carácter minoritario ou en perigo de extinción, co fin de preservar o legado asociado a determinados coñecementos e tradicións culturais.

Desde o primeiro dos seus artigos, a lei deixa clara a súa intención de abarcar as dúas direccións de relación das persoas coa cultura, tanto a vertente creativa e xeradora de produtos e servizos culturais, como a vertente de acceso e consumo destes produtos e servizos.

Ao mesmo tempo, estende a súa aplicación a calquera tipo de formato ou manifestación cultural.

Fai unha clara aposta pola conceptualización dunha serie de principios reitores nos que se xuntan os enfoques social e cultural, como son a accesibilidade cultural, a inclusión cultural e a diversidade cultural.

O título II, referido ás liñas de de acción para unha cultura inclusiva e accesible en Galicia, achega aqueles aspectos máis directamente relacionados coa acción dos poderes públicos, pero tamén doutros actores ou colectivos directamente implicados nesta regulación.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ao longo do seu articulado, queda patente a aposta por incluír a todas as persoas e para iso, ademais de ferramentas no ámbito da colaboración e da cooperación, da difusión, da sensibilización, da formación ou do fomento, os poderes públicos con competencias en materia de cultura asumen unha obriga de visibilización e posta en valor da capacidade e do talento daqueles colectivos que queren crear cultura e que parten dun contexto de dificultade. Ademais da elaboración dun Plan de accesibilidade e inclusión cultural, destaca no título II o mandato de creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia. A disposición adicional única e a disposición final primeira concretan o calendario dentro do cal deberán ser unha realidade ambos os dous instrumentos de acción.

No procedemento de elaboración desta lei promoveuse a participación cidadá a través do portal de transparencia e Goberno aberto. Así mesmo, na tramitación do anteproxecto de lei seguíronse os trámites previstos na normativa de aplicación, solicitouse o informe do Consello da Cultura Galega e o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

A norma responde aos principios de calidade normativa regulados no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico. Non existe no noso ordenamento xurídico ningunha norma na que se regule o acceso á cultura integrando de forma conxunta a perspectiva da creación e a da participación cultural e considerando a inclusión e a accesibilidade universal como principios básicos inspiradores do seu contido.

Responde ademais ao principio de transparencia e a súa redacción faise en termos de simplicidade, eficacia e eficiencia administrativa, tratando de non xerar cargas administrativas de carácter accesorio ou innecesario e buscando en todo momento a racional xestión dos recursos públicos dispoñibles para facer efectivo o cumprimento da regulación.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# TÍTULO I

## Disposicións xerais

**Artigo 1.** ***Obxecto***

1. Esta lei ten por obxecto promover as condicións e remover os obstáculos que impidan ou dificulten que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesible para todas as persoas, con especial atención a aquelas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural.

2. Para os efectos da regulación contida nesta lei, enténdese como participación efectiva, inclusiva e accesible aquela que se leve a cabo de forma normalizada, en igualdade de condicións, e en calquera tipo de manifestación cultural, tanto na creación profesional como na afeccionada, e no fomento do talento; coma na produción, acceso, recepción, consumo e goce dos produtos e servizos culturais.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 2.** ***Factores de risco de exclusión cultural***

1. Considéranse factores de risco de exclusión cultural, para os efectos da regulación contida nesta lei, os seguintes:

a) Carecer ou ter un un déficit grave de recursos económicos.

b) Atoparse en situación de desemprego.

c) Contar cunha discapacidade valorada igual ou superior ao 33%.

d) Ter unha situación de dependencia recoñecida.

e) Ter a condición de muller vítima de volencia de xénero.

f) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.

g) Estar en situación de cargas familiares non compartidas.

h) Estar en proceso de rehabilitación social, no marco dun programa de dashabituación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.

i) Ser inmigrante ou emigrante retornado.

j) Estar ou proceder do cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.

k) Estar ou proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.

l) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.

m) Pertencer a unha minoría étnica.

n) Estar en proceso de abandono do exercizo da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral ou de trata de persoas.

o) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.

p) Pertencer a grupos de interese cultural minoritarios ou en perigo de extinción, especialmente os vinculados ao patrimonio etnolóxico, material e inmaterial, en canto garantes da conservación de determinados saberes e tradicións culturais de Galicia.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. O territorio será considerado como un factor de risco de exclusión cultural cando supoña unha limitación para o acceso a determinados servizos ou actividades no ámbito da cultura por parte das persoas afectadas.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 3.** ***Ámbito***

1. Esta lei é aplicable ás actividades, manifestacións culturais, productos e servizos, calquera que sexa o seu formato, desenvolvidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia nos seguintes ámbitos:

a) Os museos, as coleccións museográficas e os centros de interpretación do patrimonio cultural, regulados na Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.

b) Os arquivos, regulados na Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.

c) As bibliotecas, regulados na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

d) Os espazos abertos ao público, nos que se desenvolvan actividades audiovisuais, escénicas e musicais, sexan fixos, móbiles e mesmo espazos abertos, tales como teatros, salas de concerto, salas de cinema, auditorios, centros culturais e outros de análoga natureza.

e) Outros espazos de xestión, conservación e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

2. Sen prexuízo do establecido no número 1, a Administración autonómica de Galicia poderá impulsar, fóra do territorio da Comunidade Autónoma, accións de promoción e difusión do talento creativo e artístico galego, en particular, das persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei os centros culturais de titularidade e xestión pública estatais.

4. As previsións contidas nesta lei serán de aplicación aos centros culturais de titularidade estatal, tales como arquivos, bibliotecas e museos, cuxa



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xestión estea transferida á Administración autonómica, sen prexuízo do previsto na normativa estatal e nos instrumentos xurídicos de transferencias, e dentro do respecto ás competencias e normas estatais.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 4.** ***Principios reitores***

1. Esta lei fundaméntase nos seguintes principios reitores:

a) Accesibilidade cultural: é a condición que deben cumprir os contornos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos vinculados coa creación, xestión, conservación, gozo, promoción e difusión da cultura, para seren comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e do xeito máis autónomo e natural posible.

b) Deseño cultural para todos: e aquel que, aplicado á programación e aos contidos culturais, parte dun enfoque no que se teñen en conta todas as persoas, tanto na vertente creativa ou xeradora de produtos e servizos culturais, como na vertente de acceso e consumo destes; todo elo, sen prexuízo, de ser o caso, do uso de produtos de apoio e da adopción de axustes razoables.

c) Inclusión cultural: é o proceso a través do cal as persoas participan activamente, en igualdade de condicións e de xeito pleno, en todas as fases e ámbitos da cultura. Esta participación activa parte dun enfoque de vida independente no que as persoas teñen poder de decisión sobre o seu achegamento á cultura, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da súa personalidade.

d) Diversidade cultural: é o enfoque que pon en valor a participación real e efectiva de todas as persoas na cultura, en calquera das súas manifestacións, con independencia das súas condicións persoais ou sociais, temporais ou permanentes, con especial atención ás persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural.

e) Participación cultural: é o principio polo que as administracións públicas favorecerán o diálogo constante e a participación dos colectivos culturais e das entidades representativas das persoas con dificultades de inclusión



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

social nas iniciativas que permitan difundir o seu papel e promover a súa presenza na vida cultural.

f) Cooperación e colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e outras administracións públicas e entidades privadas de carácter cultural, con especial consideración ás de iniciativa social.

2. As liñas de acción reguladas nesta lei terán un enfoque de calidade, contribuirán ao desenvolvemento sostible e afondarán na eliminación de barreiras físicas, comunicativas, cognitivas, actitudinais ou de calquera outra índole que dificulten a consecución dos obxectivos da presente lei.

3. As liñas de acción reguladas nesta lei tenderán a favorecer a sensibilización da comunidade no seu conxunto cara a un modelo social e de dereitos no ámbito cultural. Esta sensibilización permitirá avanzar cara a unha participación conxunta, é dicir, non segregada nin discriminatoria, de todas as persoas en actividades culturais normalizadas e relevantes.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 5.** ***Obxectivos***

Esta lei ten os seguintes obxectivos estratéxicos:

a) Garantir a accesibilidade universal das persoas e a súa plena inclusión nos servizos e produtos culturais.

b) Promover o acceso de todas as persoas, independentemente das súas condicións persoais, sociais ou territoriais, aos recursos e servizos culturais, para o que se facilitarán os apoios e axustes razoables que procedan.

c) Promover a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica e dixital para acadar solucións que permitan unha mellora da accesibilidade universal.

d) Potenciar o emprego de medios analóxicos e servizos presenciais cando sexa preciso para facilitarlle o desfrute cultural ás persoas con limitada ou nula capacidade de acceso tecnolóxico.

e) Fomentar a participación activa de todas as persoas, con independencia das súas condicións persoais, sociais ou territoriais, na creación cultural profesional e afeccionada, así como a súa empregabilidade nos diferentes sectores culturais.

f) Impulsar actividades que visibilicen e promocionen a creatividade e o talento de persoas con máis dificultades de inclusión social e, polo tanto, cultural e artística.

g) Promover enfoques de carácter arquitectónico e funcional que avancen en materia de espazos culturais que sexan física e cognitivamente accesibles.

h) Sensibilizar a sociedade galega da necesidade dunha cultura que sexa inclusiva e accesible e dos seus beneficios a partir do recoñecemento da diversidade.

i) Promover a información, sensibilización e formación en materia de diversidade e accesibilidade cultural dos traballadores e traballadoras dos diferentes ámbitos previstos na presente lei, de maneira que poidan identificar e dar resposta a necesidades diversas.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

j) Promover a formación nas tecnolóxías da información e da comunicación dos colectivos con máis dificultades de acceso e menor coñecemento daquelas.

k) Fomentar a divulgación cultural en formatos accesibles en lingua galega.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## TÍTULO II

## Liñas de acción para unha cultura inclusiva e accesible en Galicia

**Artigo 6.** ***Pluralidade e universalidade culturais***

1. A Administración pública autonómica fomentará a pluralidade e a diversidade nas distintas actividades e manifestacións culturais e poñerá especial atención na necesidade de incluír todas as perspectivas, así como as persoas pertencentes aos distintos colectivos.

2. Así mesmo, sen esquecer o significado universal da cultura e a liberdade de creación, terá en conta os grupos que necesitan un enfoque propio sobre o coñecemento e facilitará a achega mutua.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 7. *Participación activa e autonomía profesional***

Co fin de enriquecer a creación e a difusión da cultura, a Administración Pública autonómica fomentará a participación activa, de carácter profesional e afeccionado, das persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural, particularmente das persoas con discapacidade, nas industrias creativas e culturais galegas, con relación a todo tipo de roles e equipos de traballo.

Tamén apoiará e promoverá o talento e as capacidades destas persoas co fin de favorecer a súa autonomía profesional, creativa e artística.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 8.** ***Deseño universal***

1. As programacións culturais públicas coidarán de manter un equilibrio axeitado das actividades, pensadas e adaptadas a todo tipo de públicos e asistentes, baixo os principios regulados nesta lei e tendo en conta as regras que, sobre deseño universal establece a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

No caso de ser preciso, deberán crearse e facilitarse aos públicos concernidos os recursos e as ferramentas que permitan o pleno acceso e goce da actividade, en igualdade de condicións que o resto de públicos.

2. A Administración pública autonómica promoverá a aplicación do equilibrio indicado no número 1 ás programacións culturais de iniciativa privada, así como o emprego de recursos e ferramentas que faciliten o seu desfrute a todo tipo de públicos.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 9.** ***Fenda dixital***

1. Co fin de garantir que os contidos culturais cheguen a todas as persoas, especialmente a aquelas que presenten algún risco de exclusión cultural, os órganos competentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia arbitrarán as medidas que sexan necesarias para tal efecto, particularmente a través do desenvolvemento de ferramentas dixitais e tecnolóxicas.

2. Así mesmo, favorecerán a alfabetización dixital ao longo da vida das persoas, con especial atención ás necesidades daquelas con factores de risco de exclusión cultural, e promoverán liñas de actuación que loiten contra a desinformación e as novas falsas a través dos medios dixitais.

3. Os órganos competentes da Administración pública autonómica promoverán accións encamiñadas á execución e ao fomento da dixitalización de todo tipo de materiais e recursos do patrimonio cultural de Galicia, en especial o documental e o bibliográfico, así como á súa posta á disposición do público en xeral, para os efectos da súa consulta e difusión.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 10.** ***Eliminación de barreiras***

1. A Administración pública autonómica establecerá os medios e os procedementos para tender á eliminación progresiva das barreiras de carácter físico, cognitivo, comunicativo, social ou territorial que poidan limitar a participación na cultura en Galicia.

2. Poderá acordarse o establecemento de descontos ou gratuidade no acceso a actividades culturais de iniciativa pública autonómica para aquelas persoas nas que concorran factores acreditados de exclusión por motivos socioeconómicos, nos termos que se establezan en cada caso.
Así mesmo, a consellería competente en materia de cultura poderá impulsar o establecemento de mecanismos que faciliten o acceso subvencionado a actividades culturais de inciativa privada por parte das persoas ás que se refire o parágrafo anterior.

3. A valoración da natureza das actividades culturais, xuntamente coa da tipoloxía dos públicos destinatarios, deberá ser considerada polos promotores de cara a facilitar o acceso das persoas asistentes, potenciando, de ser o caso, sistemas de información e venda analóxicos para a adquisición de entradas.

4. Na xeración de emprego nos sectores da cultura, a Administración pública autonómica favorecerá a participación de persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión social e laboral.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 11.** ***Plan de accesibilidade e inclusión cultural***

1. A consellería competente en materia de cultura elaborará un Plan de accesibilidade e de inclusión cultural no que se detalle a situación de partida e as melloras que cómpre realizar para facilitar o acceso universal de todas as persoas e no que se concreten as actividades e accións que cómpre implementar para favorecer a participación de todo tipo de públicos nas actividades culturais que se leven a cabo en Galicia. Este plan incluirá igualmente medidas que impulsen a creación de produtos e servizos culturais por parte das persoas nas que concorran circunstancias previstas no artigo 2.

2. Para a elaboración do Plan ao que se refire o número 1 contarase coa participación das entidades representativas dos colectivos que integran ás persoas en situación de risco de exclusión cultural.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

**Artigo 12.** ***Fomento da creación cultural***

1. A creación cultural, en todas as súas vertentes, será obxecto de fomento por parte da consellería competente en materia de cultura, con especial consideración ás persoas que presenten algún factor de risco de exclusión cultural. Para tal efecto, promoverá a posta en marcha de liñas de estímulo á creación que teñan en conta a diversidade social e o territorio de Galicia e que permitan acadar unha maior participación das persoas anteriormente citadas cando, pola súa situación, teñan máis dificultades para participar activamente nas actividades de creación cultural.

2. A utilización de recursos e programas culturais, nas actividades das entidades e centros dedicados ao tratamento e atención terapéutica e/ou asistencial de persoas, será obxecto de impulso por parte dos órganos públicos competentes.

Os ditos recursos e programas tenderán a implicar, de ser o caso, a participación activa das persoas usuarias.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 13.** ***Participación cultural desde o rural***

1. A estrutura territorial deberá ser tida en conta polas Administracións públicas de Galicia á hora de planificar as programacións culturais, para que estas cheguen a todo o territorio, especialmente ás zonas rurais, en colaboración e diálogo coas entidades privadas e asociativas.

2. Así mesmo, valoraranse as circunstancias do territorio para garantir que os servizos culturais cheguen a todos os concellos de Galicia, facendo uso, de ser o caso, de formatos móbiles ou itinerantes.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 14.** ***Igualdade de xénero e visibilización***

A Administración pública autonómica impulsará, nos centros e espazos culturais previstos no artigo 3, medidas e programas específicos que, por si mesmos ou no marco doutros de carácter xeral, contribúan a reducir a discriminación múltiple das mulleres con dificultades de inclusión social e cultural.

Igualmente fomentará as medidas necesarias para paliar o déficit de produción cultural feminina e para visibilizar a pegada feminina na cultura ao longo da historia.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

**Artigo 15.** ***Lingua galega e accesibilidade***

As administracións públicas velarán para que a aprendizaxe, a dinamización e o uso da lingua galega ao longo de toda a vida sexa plenamente accesible, real efectiva e igualitaria mediante todo tipo de recursos, con especial atención aos dixitais, e dentro da diversidade comunicativa e cultural, incluídas as diversas formas de representación e a comunicación aumentativa e alternativa.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 16.** ***Formación***

1. No desenvolvemento das accións formativas que poidan levar a cabo os centros, as industrias e as institucións culturais, terase en conta a necesidade de incorporar contidos que faciliten o coñecemento daqueles colectivos que, pola súa singularidade ou circunstancias, requiren da adquisición de habilidades comunicativas ou cognitivas de especial natureza. Para estes efectos, poderán preverse espazos colaborativos coas entidades máis representativas e significadas de cada sector.

En todo caso, a formación do persoal, en particular do persoal de atención ao público, incorporará aspectos relativos á igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

2. O persoal ao servizo da Administración autonómica disporá dunha oferta formativa ampla sobre os diversos aspectos da accesibilidade e da inclusión que teña en conta a participación de persoas ou de colectivos representativos en diferentes ámbitos da diversidade cultural.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 17.** ***Investigación, desenvolvemento e innovación***

1. A Administración Pública autonómica potenciará a investigación, o desenvolvemento e a innovación en materia de accesibilidade e inclusión cultural, de acordo cos principios reitores da presente lei, tanto de estudos e propostas metodolóxicas e de traballo, como de desenvolvemento, mellora ou aplicación de recursos para a creación e o gozo cultural.

Prestaralle especial atención, pola súa potencialidade en materia de accesibilidade e inclusión cultural para todas as persoas, á investigación e ao desenvolvemento e innovación mediante recursos de transformación dixital.

2. Favorecerase a realización de encontros e intercambios de boas prácticas entre entidades e institucións, incluídas as conformadas por colectivos específicos, tomando a reflexión compartida como un mecanismo de creación de coñecemento.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 18.** ***Sensibilización e difusión***

1. As actividades de sensibilización e difusión, en materia de accesibilidade e inclusión cultural, serán obxecto de especial atención e impulso por parte das Administracións Públicas de Galicia. Para tal efecto, no marco dos procedementos legalmente establecidos, poderán promover campañas, eventos e outras accións de impacto que permitan unha maior conciencia social sobre a diversidade e a inclusión cultural.

2. Para os efectos de visibilizar a accesibilidade á cultura, as entidades que promovan actividades culturais difundirán, polos medios axeitados ao seu alcance, as programacións culturais, con indicación expresa de todos os detalles relevantes desas programacións, en especial os que afecten a colectivos con factores de risco de exclusión cultural. Ademais, favorecerase a creación e difusión de axendas culturais compartidas e plenamente accesibles.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 19.** ***Cooperación e colaboración***

1. No exercicio das súas competencias, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, no marco da normativa aplicable, a cooperación e colaboración con outras administracións públicas, así como con entidades de dereito privado, para o desenvolvemento de medidas que contribúan a facilitar o acceso á cultura das persoas nas que concorra algún factor de risco de exclusión cultural.

2. Igualmente fomentará a colaboración con entidades representativas das persoas ás que se refire o número 1, así como cos colexios profesionais.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 20.** ***Participación social***

Promoverase a participación do terceiro sector de acción social nas iniciativas públicas autonómicas nas que resulte conveniente integrar o seu coñecemento, a fin de dar cobertura ás necesidades de participación e acceso cultural específicas de colectivos concretos aos que representan e garantir unha maior cohesión social.

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Artigo 21. *Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia***

1. Crearase o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia, como órgano colexiado, de asesoramento e participación institucional, que dependerá da consellería con competencias en materia de cultura, coa participación doutros órganos da Xunta de Galicia que se determinen regulamentariamente, en particular o competente en materia de política social, así como doutras administracións públicas, de entidades privadas do tecido asociativo cultural e das industrias culturais.

2. Serán obxectivos do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia a observancia e seguimento do cumprimento desta norma, a análise e avaliación de necesidades, a participación institucional e a emisión de propostas de actuación en materia de inclusión e de accesibilidade no conxunto de ámbitos da cultura de Galicia.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Disposición adicional única.** ***Elaboración do Plan de accesibilidade e inclusión cultural.***

No prazo de dous anos dende a entrada en vigor da lei, a consellería competente en materia de cultura proporalle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación dun Plan de accesibilidade e inclusión cultural tendo en cota as previsións contidas no artigo 11.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Disposición derrogatoria única.** ***Derrogación normativa***

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta lei.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Disposición final primeira.** ***Prazo para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia***

No prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei, procederase ao desenvolvemento normativo necesario para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Disposición final segunda.** ***Desenvolvemento normativo***

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia a que dite cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento do establecido nesta lei.



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA
DE GALICIA

**Disposición final terceira.** ***Entrada en vigor***

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:22:02
Nº Rexistro: 6570
Data envío: 02/07/2024 17:22:02.211



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Paula Prado del Río, Encarna Amigo Díaz, Víctor M. Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Cecilia Vázquez Suárez, Paula Mouzo Mas, Pablo Prieto Perille, Felisa Rodríguez Carrera** e **Roberto Rodríguez Martínez,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno** polo trámite de **urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

A urxencia vén motivada pola tensión que a infrafinanciación do Goberno de España provoca no sistema galego de dependencia.

**Exposición de motivos**

A Xunta de Galiza comprometeu un investimento de 140.700.307€ por parte do IGVS para o ano 2023. Logo das modificación de crédito o investimento previsto era de 227 M€. Porén as obrigas recoñecidas ao peche do exercicio orzamentario son de 134M€. É dicir a execución foi dun 59%. Se temos en conta os gastos comprometidos a contía aumenta aos 187M€, pero segue representando apenas un 71,6% dos orzamentos dispoñibles.

Se analizamos o gasto por capítulos vemos como as maiores variacións prodúcense nos capítulos relativos a transferencias correntes, cun 48,7% do crédito vixente executado, no capítulo de investimentos reais, cun 71% executado e no capítulo de transferencias de capital, cun 54,8% executado.

Afondando nos datos vemos como o capítulo de transferencias correntes sofre unha grande variación entre o orzamento executado e o inicialmente previsto. Por exemplo, no programa 451B de Acceso á vivenda existía unha partida relativa ao Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, por 15,6M€, dos cales só se executaron 5,4M€. Porén o programa bono alugueiro mocidade aumentou 9 M€. De forma que aínda que a cifra global de transferencias correntes deste programa sexa parella ao inicialmente



CSV: BORISDOC-Rg4pMlocC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6661
Data envío: 04/07/2024 14:06:17.580

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

previsto, o certo é que de forma individual houbo modificación substanciais respecto do documento inicial presentado.

Ademais no capítulo relativo a investimentos reais hai que ter en conta que á baixa execución final súmaselle tamén unha importante baixada de crédito vixente respecto do orzamento inicial. En concreto nos orzamentos presentados prevíase 34,9M€ en investimentos reais, que logo foron modificados á baixa en 23,2M€, dos que finalmente foron executados 16,5M€. De aí que neste capítulo sufrisen grandes recortes partidas destinadas a solo residencial, que contaba cun orzamento de 8,9M€ dos que só se executaron 2,9M€, tamén a construción de vivendas VPP, que dos 8M€ iniciais investíronse 2,6M€, ou o programa axuda a rehabilitación residencial e vivenda social (MRR) dos que non se executou nin un euro dos 2,5M€ previstos.

Por outra banda se analizamos a execución por programas do IGVS tamén se observan diferencias notables entre os mesmos que revelan as prioridades do actual executivo. O programa de 451A de Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda dispuña dun crédito vixente de 141,7M€, dos que se executaron 85M€, o que representa un 60,3%. En cuanto ao programa 451B de Acceso á vivenda, contaba cun crédito vixente de 76,2 M€, dos cales se executaron 40,6M€, apenas o 53,3%. Por último, o programa 531A de Promoción de solo para actividades económicas contaba con 9,8M€ de crédito vixente, dos que se executaron 8,3M€, o 84,9%. Por tanto, o programa con menor grao de execución é o relativo ao acceso á vivenda. En liña coa falla de aposta do executivo polas políticas públicas de vivenda.

Ano tras ano as contas do IGVS sofren grandes alteracións sobre as previsións comprometidas. Consolídase, así, unha sistemática no proceder por parte do goberno: escura, sen transparencia e de incumprimento dos seus propios compromisos.



CSV: BORISDOG-R9i4pM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6661
Data envio: 04/07/2024 14:06:17.580

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego advertimos da necesidade de avaliar os resultados e execución orzamentaria por parte do IGVS e de mudar este proceder.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O parlamento insta a Xunta a

- Realizar un informe de avaliación da execución orzamentaria de 2023 por parte do IGVS onde se dea conta- partida por partida- das actuación realizadas e que dea explicación das modificacións de crédito e das desviacións respecto das obrigas recoñecidas. Así mesmo detallaranse as actuacións que foron realizadas en cada partida e as que quedaron sen executar.

- Como conclusión dese informe, propor medidas correctivas de cara ao vindeiro exercicio orzamentario que permitan axustar a fiabilidade e cumprimento das próximas contas”.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG
**Luís Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-Rg4pM40eC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 04/07/2024 13:51:04**

**Luis Bará Torres na data 04/07/2024 13:51:17**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:42:33
Nº Rexistro: 6671
Data envio: 04/07/2024 17:42:33.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade ampliar o uso do apeadeiro de mercadorías da PLISAN tamén para viaxeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro do pasado ano o Presidente da Xunta anunciaba nos medios de comunicación o comezo das obras para conectar o Porto de Guixar en Vigo, coa PLISAN no Condado, nos concellos das Neves e Salvaterra, construíndo así un apeadeiro que posibilitaba unir mediante o ferrocarril os peiraos de Vigo e o polígono empresarial, así como unha conexión á liña entre Vigo e Ourense. A PLISAN contará con máis de 4 millóns de metros cadrados, despois da última ampliación que recuperou para o ámbito, mediante a incorporación deste espazo ao Mapa de Áreas Industriais de Galiza, un millón de metros excluídos por sentenza xudicial do ano 2010..

Esta obra que foi impulsada entre a Xunta (a través do IGVS), Porto de Vigo e o Consorcio da Zona Franca e financiada con máis de 33 millón de euros (9 dos cales con fondos europeos) foi deseñada para facilitar o transporte de mercadorías, pero sen pensar nos centos de persoas que traballan na única empresa instalada na actualidade no Polígono, nin por suposto, nos milleiros de persoas que nun futuro próximo terán o seu posto de traballo nos centos de empresas que serán instaladas neste macropolígono.

Parece un proxecto que nace con pouca ambición e altura de miras tendo en conta as seguintes cuestións:



CSV: BORISDRC3-5Q3pMBc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:42:33
Nº Rexistro: 6671
Data envio: 04/07/2024 17:42:33.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A PLISAN é o maior polígono loxístico-empresarial galego.

- A infraestrutura ferroviaria que se está a desenvolver debe servir tamén para uso de viaxeiros e así achegar ás persoas traballadoras ao polígono.

- Se temos en conta os indicadores de descarbonización, de sostibilidade e os medioambientais que as distintas administracións públicas están obrigadas a cumprir derivadas das directivas europeas, parece máis apropiado que o maior número de persoas empregadas no polígono poidan facer os seus desprazamentos en transporte público.

- A redución de espazos reservados para aparcamento de vehículos privados.

- Conectar ademais á poboación (preto de 60.000) persoas da comarca con municipios como Vigo ou Ourense, dúas cidades referentes do emprego para moitos veciños e veciñas.

O mesmo Presidente, nas declaracións feitas na súa visita ao polígono, afirmaba: "a importancia do ferrocarril para a industria e as persoas, que necesitamos para chegar ao porto e para exportar" e engadía que "enmárcase no proxecto de dotar á PLISAN dun Centro Intermodal de transportes, que permita conectar a que está chamada a ser a gran zona de actividades loxísticas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal coa liña ferroviaria que transcorre pegada á mesma. Hai moito futuro aquí". Pero precisamente ao planificar tan só o tráfico das mercadorías, están a limitar ese horizonte de futuro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:



CSV: BOPGDSPG-5c3lpMHb6-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:42:33
Nº Rexistro: 6671
Data envio: 04/07/2024 17:42:33.728

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Negociar e planificar (co Porto e Zona Franca) a ampliación de uso a viaxeiros do apeadeiro da PLISAN, coa finalidade de dar cobertura de transporte público a todas as persoas traballadoras nas empresas da PLISAN así como á veciñanza da Comarca do Condado-Paradanta, nos seus enlaces de cercanías con outros concellos, pero tamén con Vigo e Ourense

2.- Compartir este estudo ou planificación coas corporacións municipais dos concellos da Comarca Condado-Paradanta e colectivos sociais e veciñais."

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Paulo Ríos Santomé**
Deputada e deputado do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 04/07/2024 17:35:56**

**Paulo Ríos Santomé na data 04/07/2024 17:41:30**

**Luis Bará Torres na data 04/07/2024 17:41:44**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:21:43
Nº Rexistro: 6569
Data envio: 02/07/2024 17:21:43.899



**A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Víctor M. Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle** e **Cecilia Vázquez Suárez,** ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia.**

**<u>Xustificación da urxencia</u>**

A urxencia vén motivada pola tensión que a infrafinanciación do Goberno de España provoca no sistema galego de dependencia.

**<u>Exposición de motivos</u>**

O Goberno de España aprobou o Real Decreto 675/2023, do 18 de xullo que, entre outras medidas no ámbito das prestacións do sistema de dependencia, acordou incrementar a intensidade das horas do servizo de axuda no fogar.

Unha iniciativa que aparentemente debía ser positiva remata por converterse nun problema ao impoñerse de xeito unilateral polo Goberno de España, sen consenso coas comunidades autónomas e sen vir acompañada da transferencia dos recursos económicos necesarios por parte da administración central.

A realidade é que o Goberno de España afonda na infrafinanciación dos servizos de apoio ás persoas en situación de dependencia e fai que todo ese esforzo adicional imposto polo cambio normativo recaia nas comunidades autónomas, nos concellos e nos usuarios.

A todo isto, engádese ao feito de que desde a entrada en vigor da Lei de Dependencia, a achega estatal estivo moi por baixo do modelo deseñado por esa norma que establece que o seu financiamento se divida en dous partes iguais entre as comunidades e o Estado.

De feito, na actualidade, a Xunta de Galicia inviste tres veces máis que o Goberno central en prestacións de dependencia, achegando o 70% fronte ao 30% estatal.

A este desequilibrio actual, súmase a débeda que o Goberno de España arrastra cos galegos e galegas nesta materia, e que xa supera os 2.500 millóns de euros.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:21:43
Nº Rexistro: 6569
Data envio: 02/07/2024 17:21:43.899



Ao entender do Grupo Parlamentario Popular, o incumprimento en materia de financiación, sumado ao aumento de obrigas derivadas da imposición normativa do Goberno central, resulta inaceptable, polo dobre impacto negativo que implica, por unha banda sobre a facenda galega e, en segundo lugar, sobre a accesibilidade aos servicios sociais.

Esta infrafinanciación da dependencia por parte do Goberno de Pedro Sánchez, obriga ás comunidades autónomas a realizar un esforzo orzamentario moi relevante para garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia.

En consecuencia reiterar a necesidade de poñer fin a este desequilibrio non implica asumir ningún compromiso adicional, só que se cumpra co espírito da Lei de dependencia e que o Goberno central achegue a metade do financiamento, tal e como lle corresponde.

Cando algunhas formacións políticas pretenden presentarse ante a sociedade como os máximos defensores das políticas sociais teñen a obriga de poñer en práctica esa condición con feitos concretos, por exemplo, dando a prioridade que merecen o investimento en todas as políticas que afecten á atención directa das persoas dependentes.

Non debemos esquecer que os servizos sociais constitúen un dos alicerces básicos do Estado do Benestar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e reiterarlle as seguintes demandas:

1º.- O cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa, tendo especialmente en conta o desequilibrio acumulado desde a aprobación desta normativa en 2006.

CSV: BORISDPC3963PpA0dcG-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 17:21:43
Nº Rexistro: 6569
Data envio: 02/07/2024 17:21:43.899

PARLAMENTO DE GALICIA

2º.- Facer efectiva a débeda acumulada a favor da Comunidade Autónoma de Galicia logo do incumprimento durante todo estes anos do confinanciamento estatal da Lei de Dependencia, achegando unha cantidade que ascende a máis de 2.500 millóns de euros.

3º.- Que renuncie á imposición unilateral de novas medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social, sempre que non veñan aparelladas das transferencias de recursos económicos estatais suficientes".

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Pazos Couñago na data 02/07/2024 17:14:18**

**Raquel Arias Rodríguez na data 02/07/2024 17:14:35**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 02/07/2024 17:14:50**

**Víctor Baladrón Lamas na data 02/07/2024 17:15:06**

**Nicole Grueira Fernández na data 02/07/2024 17:15:19**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/07/2024 17:15:30**

**Argimiro Marnotes Fernández na data 02/07/2024 17:15:41**

**Noelia Pérez López na data 02/07/2024 17:15:55**

**Ethel Vázquez Mourelle na data 02/07/2024 17:16:08**

**Cecilia Vázquez Suárez na data 02/07/2024 17:16:31**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 09:50:43
Nº Rexistro: 6444
Data envio: 01/07/2024 09:50:43.976

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a ausencia de atención pediátrica durante o verán no centro de saúde de Coles para a poboación dos concellos de Coles, Amoeiro, A Peroxa e Vilamarín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza residencia no Centro de Saúde de Coles a asistencia médica pediátrica da poboación dos concellos de Amoeiro, Vilamarín, A Peroxa e Coles, mediante a presenza dunha facultativa dous días a semana para atender a saúde de aproximadamente 700 cativos e cativas das máis de 40 parroquias que compoñen os 4 concellos sinalados, Concellos que abranguen unha superficie total de preto de 232 $km^2$.

Con carácter ordinario a mocidade destes concellos só lles está permitido enfermar os días sinalados, pois caso contrario os seus procesos deberían ser atendidos en centros máis afastados dos seus domicilios, vía ordinaria en Ribadavia ou mediante o recurso a atención de urxencia no CHUO, se ben neste último caso non estaría garantida que a atención fose prestada por unha especialista en pediatría.

Mais esta precaria atención pediátrica que padece a poboación de Coles, Amoeiro, Vilamarín e A Peroxa, consecuencia da neglixente despreocupación da Xunta de Galiza, ameaza con agravarse durante os meses do verán, nos que segundo diversas informacións o centro de saúde de Coles non disporá de especialista en pediatría ningún

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

día. Segundo se informou ás usuarias, a partires do 1 de xullo a Xunta de Galiza suspenderá toda asistencia facultativa de pediatría no centro de saúde de Coles, non mantendo nin sequera o precario servizo de que dispuña a poboación destes 4 concellos.

A falla de previsión da Xunta de Galiza, incapaz de manter a mínima asistencia sanitaria que dispuña a poboación destes concellos da Galiza interior, obrigará ao desprazamento da veciñanza ao centro de saúde de Ribadavia para poder recibir atención pediátrica. Desprazamentos de máis dunha hora, en caso de que se dispoña de vehículo particular ou, en caso contrario e debido á escasa oferta de transporte público, mesmo poderían ser imposíbeis.

A Xunta de Galiza continúa o seu avance no desmantelamento e precarizacións dos servizos públicos, na renuncia a calquera medida de reequilibrio territorial e de defensa dos dereitos básicos da poboación de Galiza, atinxindo principalmente á do interior.

Alén do anterior cumpre lembrar que a poboación de feito dos concellos galegos medra considerablemente nos meses de verán debido, fundamentalmente ao retorno vacacional da poboación emigrante, polo que a desatención sanitaria atinxe a máis poboación da habitual. A Xunta de Galiza suprime servizos na época na que existe máis poboación que os pode demandar.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, con carácter inmediato, tomar as medidas necesarias para garantir durante todo o ano, tamén nos meses de verán, a asistencia médica pediátrica no centro de saúde de Coles".

CSV: BOPGDSPGg1yl0jVMe59
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 09:50:43
Nº Rexistro: 6444
Data envio: 01/07/2024 09:50:43.976

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/07/2024 09:39:44**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/07/2024 09:40:04**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/07/2024 09:40:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2024 09:40:41**

CSV: BORISDPG-yUtpjWMe59
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 10:07:50
Nº Rexistro: 6448
Data envio: 01/07/2024 10:07:50.354

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Rosana Pérez Fernández,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, para poñer en funcionamento o minicriadeiro de Camariñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2005, comezou a funcionar en Camariñas un minicriadeiro para producir semente de moluscos bivalvos, fundamentalmente ameixa babosa e xaponesa. Estas instalacións situadas no porto e impulsadas pola consellería de pesca, en colaboración inicial da cofradía de Pescadores, acabarían sendo xestionadas por CIMA (Centro de Investigacións Mariñas), a través dunha encomenda de xestión do CETMAR.

O minicriadeiro nacera con fins experimentais, e estaba preparado para producir entre 10 e 12 millóns de semente ao ano, mais comezando no 2005 cunha produción de 5 millóns de semente, e chegando ata os 13 millóns no ano 2007, aínda que a media anual era de 8 M. Nestas instalacións a Xunta chegou a investir arredor duns 3 millóns de euros, dos que a Unión Europea aportara inicialmente 1,2 millóns de euros de fondos europeos.

En decembro do 2011 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pechouno e os últimos dos seis traballadores foron ao paro, pasando do Centro de Investigacións Mariñas ao Centro Tecnolóxico do Mar.

Daquela argumentaba a directora xeral que o proxecto estaba finiquitado e que se tiñan alcanzados os obxectivos marcados de: desenvolver a produción de semente de bivalvos e de trasladar tecnoloxía ao sector, investigación, entre outros, pero que



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 10:07:50
Nº Rexistro: 6448
Data envio: 01/07/2024 10:07:50.354

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cumpría modificar o modelo e transformalo noutro novo onde o CIMA sería o o encargado de coordinar o seu funcionamento e planificar os obxectivos.

Deste xeito, no ano 2012 licitaron un concurso para dotar de persoal a estes centros, contemplándose a contratación de 3 titulados superiores e 5 técnicos de laboratorio. O concurso fora anulado por esixir nas bases da convocatoria unha experiencia mínima para poder acceder ás prazas convocadas. En febreiro de 2014 xa comparecera no parlamento a titular do departamento, Susana Rodríguez Carballo, quen confirmara a paralización da actividade no minicriadeiro de Camariñas, así como os danos ocasionados no último temporal comprometéndose a reparación dos danos e a desenvolver a contratación de persoal e a posta en funcionamento das instalacións en tres meses.

Mais todo aquel argumentario da Dirección Xeral era mentira e todo seguiría paralizado ata hoxe, onde as instalacións se atopan nun estado lamentable, os teitos rachados, bañeiras rotas e ciscadas, a sala de caldeiras á intemperie, e os motores das bombas oxidados e perdidos, deixando un panorama desolador do que foi un proxecto caro, punteiro e que funcionou á perfección, hoxe esquecido totalmente pola Consellería do Mar, que parece que só ten ansias de eliminalo para ocupar ese espazo do porto con outro tipo de instalacións e usos.

A situación do marisqueo en Camariñas, cunha mortante nos moluscos nunca vista e cunhas colleitas ridículas nos último anos, por non dicir inexistentes nas especies de ameixa babosa e berberecho, situación que xa se trasladou en numerosas ocasións a este parlamento, fai que sexa necesario adoptar medidas urxentes co obxectivo de recuperar unha actividade económica que xera postos de traballo e riqueza nun pobo que é dependente do mar.

Agora mesmo, a agrupación de mariscadoras, teñen unha gran necesidade de facerse con cría de moluscos, para realizar os traballos experimentais de semente nas



CSV: BOPGDSPGSvY0cPDEzD-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 10:07:50
Nº Rexistro: 6448
Data envio: 01/07/2024 10:07:50.354

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zonas onde existe unha alta mortandade marisqueira dentro da ría. As últimas partidas de semente, provintes do criadeiro da Xunta en Ribadeo foron escasas e irrisorias, e as donacións doutras agrupacións insuficientes.

Por este motivo, sería preciso realizar todos os investimentos oportunos para recuperar as instalacións abandonadas, poñelas en funcionamento e formar ás mariscadoras de Camariñas, para que xestionen o minicriadero, como unha alternativa máis para que teñan un traballo digno do que poidan vivir nos tempos de parada biolóxica, ademais de proporcionarlle cría para as repoboacións dos seus bancos e doutras localidades do país. A xestión do mini-criadeiro pola agrupación de mariscadoras, é posible, porque xa se dou nos seus inicios, mais é preciso que a Consellería crea no proxecto e teña a vontade de apoiar o máximo posible ás mariscadoras, que levan aguantando unha situación de varios anos sen coller un berberecho ou unha ameixa babosa, e sen recibir máis que unha mísera e única axuda de cartos xusto antes das eleccións galegas. Elas están fartas de dicir que non queren axudas, que o que precisan é traballo, polo que temos diante unha oportunidade para poñer en funcionamento unha actividade económica que pode solucionar moitos dos problemas que hoxe existen no marisqueo de Camariñas, ademais de facilitarlles postos de traballo estables durante todo o ano.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1º- Dotar ao vindeiro orzamento cunha partida económica co obxectivo de rehabilitar, recuperar e poñer en funcionamento o minicriadeiro de ameixa e outros moluscos situadas no porto de Camariñas.



CSV: BORISUDPCSV4V5ND2D-5
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 10:07:50
Nº Rexistro: 6448
Data envio: 01/07/2024 10:07:50.354

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º-Cederlles a xestión da explotación á agrupación de mariscadoras da cofradía de Camariñas.

3º-Proporcionar dende xa os cursos de formación necesaria ás mariscadoras e aos interesados e comezar o procedemento para proveer as prazas dos especialistas necesarios para dirixir e traballar no minicriadeiro."

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Deputado do G.P. do BNG
**Rosana Pérez Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 01/07/2024 09:50:08**

**Rosana Pérez Fernández na data 01/07/2024 10:06:04**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 12:36:31
Nº Rexistro: 6455
Data envío: 01/07/2024 12:36:31.708

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey**, **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª.**

Os veciños e veciñas da Soutomaior, levan reclamando desde hai tempo unha sanidade pública de calidade para a seu concello.

A data de hoxe só hai 3 prazas de médico e levan máis de ano e medio sen pediatra, polo que non é difícil de entender as dificultades para dar unha prestación sanitaria de calidade.

Ademais tampouco dispoñen de servizos de retinografía nin espirometrías por falta de salas e de material. Os problemas son múltiples, pero por sinalar un máis, non hai sala de probas nin sala para poder atender as urxencias.

A situación na que se atopa o Centro de Saúde de Arcade é un caso máis do abandono en materia sanitaria, por parte da Xunta de Galicia, que repercute na Atención Primaria.

Estamos a falar dunha poboación de 7.500 persoas demandantes dos servizos médicos. Pero deles hai arredor de 1.000 menores de idade que só poden ser atendidos baixo cita previa cando vén algún pediatra substituto. E non fai falla pensar o que supón de atraso nas listas de espera.

Por seguir engadindo despropósitos, o consultorio de Romaríz está pechado desde a pandemia.

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 12:36:31
Nº Rexistro: 6455
Data envío: 01/07/2024 12:36:31.708



Polo tanto, estamos ante falla de medios humanos, falla de medios técnicos e falla de instalacións.

Con respecto a isto a Xunta de Galicia comprometeuse a construír un novo centro de saúde, cando o Concello lle cedera unha parcela para radicalo. Foi unha promesa do anterior conselleiro de Sanidade.

Os terreos foron postos a disposición, estando neste memento en fase de rexistro, pero non existe ningunha partida orzamentaria por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos do ano 2024.

Por todo isto, desde o Grupo Socialista esiximos ao Goberno galego que dote dunha atención sanitaria de calidade ao concello de Soutomaior e que sexa provisto dos medios materiais, humanos e técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha atención axeitada e de calidade.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Dotar de persoal sanitario suficiente o Centro de Saúde de Arcade-Soutomaior para poder ofrecer unha sanidade de calidade e sen xerar longas listas de agarda.

2. Incluír no orzamento do vindeiro ano a partida correspondente para poder financiar as obras do novo centro de Saúde.

3. Dotar de medios técnicos necesarios para que se poidan realizar todas as probas que con anterioridade se viñan facendo.

CSV: BORISDPG-aJKxPMMdO9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo
Parlamentario
Socialista

Parlamento de Galicia, 1 de xullo de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 01/07/2024 12:24:00**

**Elena Espinosa Mangana na data 01/07/2024 12:24:12**

**Silvia Longueira Castro na data 01/07/2024 12:24:21**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 12:24:34**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 13:42:18
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 01/07/2024 13:42:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luís Bará Torres** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas que debe asumir o goberno galego en relación co Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos do INE, case medio millón de vivendas en Galiza, o 29% do parque construído, está baleiro. Un volume, este, comparable ao total de vivendas construídas na provincia de Pontevedra.

Esta realidade non é un fenómeno ligado exclusivamente á emigración dende eidos agrarios cara os enclaves urbanos, consecuencia da industrialización. Os datos corroboran que tamén existe un gran volume de vivendas baleiras naqueles ámbitos urbanos que máis concentran poboación. As sete grandes cidades suman 90.000 vivendas baleiras e Coruña e Vigo están situadas entre as 3 cidades con máis vivenda baleira de todo o estado. Incluso se analizamos os concellos de máis de 10.000 habitantes, comprobamos que Galiza tamén lidera os ránkings: Mos, Monforte, Verín, Lalín e Porriño están entre os 10 concellos con máis vivenda baleira do estado e todos eles son ámbitos urbanos cunha importante dinámica económica e social.

CSV: BORISDRC3-HDRXMDC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 13:42:18
Nº Rexistro: 6476
Data envio: 01/07/2024 13:42:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se analizamos a tendencia e evolución da vivenda baleira, vemos como se trata dun fenómeno que se mantén no tempo. Por exemplo, en Vigo hai hoxe máis vivenda baleira que hai unha década. Se ben é certo que os criterios para contabilizar a vivenda baleira mudaron dende o anterior censo, en todo caso as cifras permiten certificar que non houbo nestes anos unha política capaz de actuar para reducir e mobilizar ese parque de vivenda baleira e que esta segue a ter un enorme impacto no conxunto do modelo inmobiliario do noso país.

Os programas da Xunta de Galiza orientados a reducir a vivenda baleira foron todos, sen excepción, un auténtico fracaso. A comezar polo Censo de vivenda baleira, que foi un instrumento inoperante, e continuando cos diversos programas que pretendían mobilizar este parque, con resultados realmente ridículos.

A última proposta a este respecto por parte da Xunta foi o Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento (PMVA), tamén coñecido como Vivendas Vivas. O 3 de outubro de 2022 publicábase no DOG a resolución pola que se regula este programa que pretende establecer unha canle de mediación en colaboración coas inmobiliarias, supostamente para mobilizar vivenda baleira, pero que está tendo un moi mal desempeño. Segundo o presidente da Xunta, agardábase que se mobilizarían na primeira fase, entre 250 e 300 inmobles, máis a realidade é que en febreiro deste ano apenas se alugaran 22.

En parte, existen problemas iniciais de concepción do propio programa, como por exemplo que os criterios para definir que constitúe unha vivenda baleira son bastante cuestionables. Tamén dende o punto de vista da xustiza social e dun criterio redistributivo é moi mellorable.

Mais para alén dun modelo errado de partida, existe ademais un problema de eficacia e de xestión. Son as propias empresas inmobiliarias, as que se encargan de



CSV: BORISURC3HpXMDo7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestionar e mediar a aplicación deste programa, as que están cuestionando o seu desempeño. Hai unha queixa estendida sobre as dificultades para que propietarios se acollan a este programa. A realidade é que en todo o país neste momento apenas se ofertan 25 inmobles.

Todo isto debera provocar por parte da Xunta de Galiza unha revisión deste programa e, en xeral, da necesidade de deseñar unha estratexia máis ampla e ambiciosa de mobilización de vivenda baleira.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O parlamento insta a Xunta a

- Realizar un informe de avaliación do Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento no que se inclúa, tanto un avaliación cuantitativa desagregada por anualidades do número de vivendas acollidas e dos recursos mobilizados, como unha avaliación cualitativa do impacto deste programa nos obxectivos globais de mobilización das vivendas baleiras en Galiza.

- Reformular o Programa de Mobilización de Vivendas para o Alugamento, redefinindo a consideración de vivenda baleira, mellorando os instrumentos para facer o programa máis atractivo e establecendo criterios redistributivos.

- Establecer medidas complementarias para a mobilización de vivenda baleira, tales como avanzar nunha normativa galega sobre a vivenda baleira e a creación de novas medidas de presión fiscal e incentivos, capaces de intervir de forma eficaz sobre o

CSV: BORISDRC3-HDRXM0o7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mercado de vivenda baleira para lograr incrementar a oferta de vivenda residencial dispoñible, tanto libre como en réxime de aluguer accesible".

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG
**Luís Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 01/07/2024 13:27:15**

**Luis Bará Torres na data 01/07/2024 13:27:28**



CSV: BOPGDSPG-3hDfaXMDn7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non por repetido deixa de perder a consistencia do problema. A cuestión é que as novas que volven unha e outra vez a poñer de manifesto a realidade, nos din que preto de 1.500 persoas están á espera da prestación que outorga a Lei de autonomía persoal.

Tal e como pon de manifesto o Colexio de Traballadores Sociais, o ingreso nunha residencia é o recurso que máis problemas presenta. Ao marxe disto a realidade é que a este recurso ingresan case en exclusiva "persoas que están en situación de emerxencia, sen rede de apoio e con grados de dependencia elevados, en situación de maltrato e desamparo".

Deste xeito, un servicio ao que temos dereito a cidadanía deste país convértese nunha rede de sustento para sectores da poboación que se ben teñen a necesidade de ingresar nunha residencia, carrexan outros problemas que tiñan que contar con outro tipo de axuda ou recurso dada a súa natureza.

Isto pon de manifesto que non só non atenderon nestes últimos 15 anos a unha demanda que era inminente e a que tiñamos dereito, senón que abandonaron a súa sorte a un sector da poboación vulnerable que agora precisa de xeito urxente unha solución de dobre vía: a prestación que provee a Lei de dependencia e o sustento do estado debido a súa vulnerabilidade.

CSV: BORISDEG3a3pMTo6C-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así pois, non só se trata de que o Goberno do Partido Popular atenda á demanda das prestacións da Lei de Dependencia con unha promesa de eliminación de burocracia para percibir as axudas e recursos que provee a Lei; senón que ten outro problema engadido que é a desatención do grupo de poboación vulnerable e que está en situación límite.

Debido a esta cuestión, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar un informe no que especifique de xeito claro e conciso en que consiste o plan de axilización burocrática para que poidan chegar os recursos ás persoas usuarias que están en lista de espera; así como unha explicación das medidas que pensa implementar para atender á poboación vulnerable que vai en ascenso na nosa comunidade.

Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 01/07/2024 13:43:25**

**Elena Espinosa Mangana na data 01/07/2024 13:43:34**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 13:43:41**

CSV: BORISDPGalqfhvr6C-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o último informe do Imserso, soamente o 33,14 por cento da poboación potencialmente dependente ten solicitado as prestacións que contempla a Lei de dependencia.

Isto é, en Galicia soamente un de cada tres posibles persoas beneficiarias solicita as axudar de dependencia. Hai casos extremos de persoas que tiveron que vender a súa vivenda para que a súa parella, despois de sufrir unha patoloxía neurolóxica, puidese acceder a unha residencia privada con custes superiores a 3.000 euros; mentres o outro membro da parella foi a vivir de alugueiro.

O outro caso como o dunha persoa que ao quedar afectado dunha tetraplexía atopouse con falla de persoal capacitado e horarios inadecuados. Ou o caso dun enfermeiro que destacaba no seu centro a ausencia de protocolos informativos no seu centro de saúde para dar a coñecer estas prestacións.

Tanto esta inacción da información como o farragoso do proceso convértense nunha barreira de entrada para as persoas que precisan tramitar. O último Informe de avaliación do sistema de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (SAAD), de setembro de 2022, tamén sinala a lentitude do proceso como o principal problema á hora de

CSV: BORISDPCGSXqpMnt0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acceder ás axudas de dependencia. De media, o trámite tarda 329 días, segundo as últimas cifras do Imserso, fronte aos 6 meses segundo a lei.

Sabendo que os prazos de atención non se cumpren, e que existen promesas de axilización dos trámites da lei, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un plan de comunicación en toda Galicia que atinxa tanto aos centros de saúde, hospitais e puntos de atención continuada para que a poboación saiba dos seus dereitos e de como poden ser solicitados; de xeito claro e eficaz para que as familias e os posibles usuarios queden debidamente informados.

Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 01/07/2024 13:46:40**

**Elena Espinosa Mangana na data 01/07/2024 13:46:50**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 13:46:57**

CSV: BORISDPCGSyqpMvt0-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio local foi un dos sectores que se veu agravado pola situación da crese económica derivada da Covid e agudizada pola situación bélica que aínda estamos a vivir.

Cando falamos de apoio a economía local falamos tamén de apoio aos negocios locais, porque entre outras cuestións estamos invertendo directamente na nosa comunidade. Isto axuda a manter empregos, fortalecer a economía local e fomentar o crecemento a nivel comunitario.

As cadeas de subministro local teñen demostrado ser máis resilientes durante a crise. Ao priorizar o comercio local reducimos a nosa dependencia de provedores afastados e aumentamos a capacidade da nosa comunidade para abastecer a súas propias necesidades.

Dende un punto de vista medio ambiental as compras locais teñen un impacto moi positivo xa que teñen unha pegada de carbono máis baixa, xa que reduce o transporte e polo tanto as emisións asociadas coa distribución de produtos de larga distancia.

Os comercios locais ofrecen produtos e servicios singulares mostrando a diversidade e particularidade dun entorno contribuíndo a poñer en valor a

CSV: BORISUDEQ-bb6jMbcC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6498
Data envio: 01/07/2024 16:16:18.633

identidade territorial. Cando apoiamos o noso comercio estamos fortalecendo os vínculos e relacións tamén das persoas.

O comercio local supón unha parte fundamental na vida das rúas, os barrios, as vilas, e as cidades. Os pequenos negocios, combinados con outros servizos xeran un desenvolvemento económico e social de grande impacto no territorio.

Dende o Goberno central entendeu que tiñamos que afrontar esta situación socio económica dende a inversión en contraposición do que tiña feito o Goberno de M. Rajoy. E de aí os fondos de recuperación para contribuír a recuperación económica e fornecer un dos piares no tecido económico de moitas cidades e pobos.

Os fondos Next Generation non financian a totalidade dos mesmos ás entidades, asociacións .... teñen que aportar unha porcentaxe para poder ser beneficiarios dos mesmos, facendo en moitos casos que non podan concorrer a ditos fondos por non ter a capacidade de aportar a parte que lle correspondería.

Este é o caso da Federación de Comercio impedindo que estes fondos podan chegar a todo o territorio entendendo que o comercio é do mais vertebrador do territorio.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir a porcentaxe complementaria que non financia Europa para que teña a oportunidade de acceder a ditos fondos.
Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

CSV: BOPGDSPGJ-bdXqjM6cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6498
Data envio: 01/07/2024 16:16:18.633

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 01/07/2024 15:59:58**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/07/2024 16:00:05**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 16:00:14**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na páxina web da Xunta de Galicia dende a Axencia Galega de Calidade Alimentaria publicaba o 30 de xaneiro do 2024 unhas declaracións do conselleiro de Medio Rural en aquel intre o Sr. González.

Nesa información afirmábase que a Xunta de Galicia finaliza a construción do novo banco de xermoplasma do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Incidindo en que estas obras estiveron centradas na mellora das súas infraestruturas e na renovación dos equipos e sistemas de conservación de material vexetal.

Recentemente na Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes do Parlamento de Galicia o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, respondía a unha pregunta do Partido Popular.

Ao respecto dicía que a Consellaría de Medio Rural afondará na mellora de ditas infraestruturas e valorou moi positivamente o actual estado do Banco de Xermoplasma, e continuaba dicindo que grazas a estas actuacións finalizadas e as futuras o Banco de Xermoplasma estará en disposición de realizar todas as labores para o que foi concibido.

CSV: BORRADOR
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6504
Data envio: 01/07/2024 16:17:27.710

Avanzou que de cara ao futuro seguirase afondando na mellora integral do centro tal e como está establecido no contrato vixente. O que pon de manifesto que tal e como afirmara o conselleiro as obras non estaban non están finalizadas.

De cinco módulos están finalizados dous e os tres finalizados están sen equipar a pesar de contar con orzamento para esta fin.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que materialice e execute o orzamento destinado para dotar do equipamento preciso para que o Banco de Xermoplasma poida estar operativo.

Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 01/07/2024 16:03:12**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/07/2024 16:03:21**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 16:03:28**

CSV: BOPGDSPG-vp7qj0MG9-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6510
Data envio: 01/07/2024 16:18:35.100

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comercio local supón unha parte fundamental na vida das rúas, os barrios, as vilas, e as cidades. Os pequenos negocios, combinados con outros servizos xeran un desenvolvemento económico e social de grande impacto no territorio.

Nos últimos anos son moitas as ameazas que están a sufrir, dende a chegada de Internet que esta a cambiar o modo de como nos comportamos e como compramos, ata a perda e envellecemento da poboación sobre de todo nas pequenas localidades.

O comercio tradicional e local ten que coidarse para que non desapareza. Para a súa supervivencia, os pequenos comercios deben de adaptarse aos novos tempos, conservando algunhas das súas características máis esenciais, como son a proximidade o trato personalizado así como a confianza que xera.

As vantaxes do comercio local son moitas e dispares, converten os lugares en zoas de referencia para os barrios, vilas e cidades. Prestan o seu servizo con un trato personalizado e de calidade, non ten presa e a súa prioridade e aconsellar ao seu cliente que posiblemente sexa un familiar, amigo ou veciño en todo caso un cliente habitual e de non selo seguro que se convertera nun, unha vez que merque no seu negocio.

CSV: BORISDRC-gWF3qRH0C-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6510
Data envio: 01/07/2024 16:18:35.100

Outra das vantaxes e a do propio beneficio do comprador, porque os cartos alí gastados seguen a circular no territorio fomentando así a economía do entorno. Hai que poñer en valor a xeración de emprego que xera e a súa aportación ao PIB.

A Federación Galega de Comercio, como entidade representativa en Galicia, fai unha labor moi importante na que promoven os intereses do comerciante galego ante os diferentes organismos e institucións, sendo en moitos casos o instrumento que teñen os pequenos comercios e os comercios das pequenas vilas, para poder acceder a formación, promoción, dinamización e dixitalización.

Dende a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Industria e Innovación orde do 27 de decembro do 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións as asociacións de comerciantes sen fin de animo de lucro de ámbito superior ao municipal o federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivar o consumo a través do tiket dixital de dinamización comercial e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (código do procedemento CO300B). No exercicio das súas competencias que, en materia de comercio interior, lle outorga o artigo 30.I.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tal e como recolle a propia orde "o comercio tradicional está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo, co obxecto de que se volva a situar na posición histórica que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das nosas vilas e cidades".

E segue, "por elo, e co obxecto de contribuír a construír un sector comercial máis competitivo e dinámico, recollese un conxunto de obxectivos entre os que caben subliñar a incentivación da demanda comercial e a mellora loxística do

CSV: BOPGDSPGgVF3q5mBc9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6510
Data envio: 01/07/2024 16:18:35.100

comercio, así como a consecución dunha imaxe máis competitiva e dinámica do comercio galego ao por menor."

Polo que esta orde se dirixe ás asociacións de comerciantes do ámbito superior ao municipal ou federacións, para as actuacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación da demanda comercial.

Pero a realidade é ben distinta, lonxe de seguir potenciando e mellorando estas iniciativas, inclusive ampliando esta orde para darlle cobertura ás asociacións máis pequenas, e con elo seguir potenciando o comercio local tamén en concellos con menor poboación e evitar así a discriminación desta actividade nestes municipios, o certo é que hai temor no sector da súa publicación para este ano.

A pesar de que vai en detrimento das pequenas asociacións e, polo tanto, das pequenas vilas e non podemos obviar, que os pequenos concellos son a gran maioría da realidade galega. Vemos como unha vez máis a Xunta de Galicia lle dá as costas ao rural galego.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a publicar esta liña de axudas ás asociacións de comerciantes sen fin de ánimo de lucro de ámbito superior ao municipal o federacións para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do tiket dixital de dinamización comercial. Así como a mellorala para que todas as pequenas asociacións teñan cabida e non queden excluídas.

Santiago de Compostela, 1 de xullo do 2024

CSV: BORISUBDC-dW3qEi3aG9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6510
Data envio: 01/07/2024 16:18:35.100

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 01/07/2024 16:06:33**

**Patricia Iglesias Rey na data 01/07/2024 16:06:41**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 01/07/2024 16:06:49**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 12:43:33
Nº Rexistro: 6548
Data envio: 02/07/2024 12:43:33.644

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o impacto que vai ter a suba dos prezos de venda e renda da vivenda protexida sobre a súa accesibilidade e función social.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de xuño o Consello da Xunta de Galiza adoptou o acordo polo que se fixan os prezos máximos de venda e renda das vivendas protexidas de protección autonómica en primeira ou posteriores transmisión.

Na resolución do 18 de xuño de 2024 que fai referencia a dito acordo, estipúlase un aumento dos prezos máximos de venda en primeiras transmisións do entorno do 30%. A Xunta de Galiza trata de xustificar esta suba de prezos pola alza dos prezos da construción. Porén cómpre sinalar que os prezos da vivenda protexida xa sufriron unha actualización no ano 2021 e no ano 2023. Con respecto á ultima suba, de hai menos dun ano, os novos prezos fixados supoñen un incremento de entre os 243 e 388,80 euros por metro cadrado, distribuídos da seguinte forma segundo o réxime e a localización das vivendas:

1o. Réxime especial:

PMS: 243 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 1: 286,20 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 2: 292,75 euros por metro cadrado de superficie útil.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2o. Réxime xeral:

PMS: 307,92 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 1: 375,84 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 2: 388,80 euros por metro cadrado de superficie útil.

3o. Réxime concertado:

PMS: 287,31 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 1: 361,39 euros por metro cadrado de superficie útil.

Zona 2: 320,76 euros por metro cadrado de superficie útil.

Tomando como referencia que a superficie media da vivenda en Galiza sitúase nos 109 m2, para unha vivenda protexida destas dimensións este incremento supón pagar entre 26.487€ e 42.379€ máis do que hai un ano. Unha vivenda en réxime concertado localizado nunha das zonas de Prezo Máximo Superior, alcanzaría os 240.160€. Incluso unha vivenda das mesmas características en réxime especial, é dicir orientado ás rendas máis baixas, logo desta subida se situaría nos 203.067€. Unhas cifras moi lonxe da capacidade adquisitiva dunha unidade con ingresos máximos de 2,5 veces o IPREM. Por tanto, este incremento desproporcionado fai con que a vivenda protexida perda o seu obxecto de facilitar vivenda a prezos accesibles.

Ademais, estas cifras difiren totalmente dos indicadores do Instituto Galego de Estatística que establece no seguimento e análise da construción, uns prezos medios de edificación residencial en Galiza durante o ano pasado de 1.298,8€ por metro cadrado, en vivenda libre, de 1.527,7€ nos casos de vivenda libre de menos de 5 anos, de 1.290,5€ nos casos de vivenda de máis de 5 anos, e de 1.079,7€ para vivenda protexida.

Ante a falla de indicadores máis específicos que avalíen os costes da construción, non se aclara en ningún momento por parte do executivo en que datos se



CSV: BORRADOR
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

basea para determinar unha suba tan importante dos prezos da vivenda protexida. Mais, tendo en conta que xa en agosto de 2023 se procedeu a un incremento do 8%, respecto de 2021, cando xa se procedera a outra suba.

Esta suba de prezos tamén se traslada á fase de licitacións dos proxectos de construción. Un exemplo é a adxudicación de 59 vivendas en San Paio de Navia, nas parcelas M-IVA-7 e M-IVA-8, o pasado 5 de xuño. En total foron adxudicadas por un importe total de 11,3 M€, o cal supón 191.525€ de repercusión de obra por vivenda. Unhas cifras moi elevadas.

Este incremento de prezos tamén se traslada á licitación da Vivenda de Promoción Pública. Por exemplo, a inicios deste ano foi adxudicado un contrato para a construción dun edificio para 46 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela M-IVB-25 do Plan Parcial de San Paio de Navia por un valor de 9,7M€ con IVE. Neste caso trátase de 5.657 metros cadrados de edificabilidade, o cal supón unha repercusión de 1.716€ por metro cadrado con IVE.

Por último, cómpre sinalar que o incremento dos prezos de venda de VPA en primeiras transmisións tamén ten unha afectación directa sobre os prezos de renda das VPA, xa que para fixalos tómase como referencia o primeiro. Se ben é certo que a Xunta reduciu do 3,7% ao 3% a porcentaxe que representa o alugueiro respecto do valor de compra, o incremento de prezos tan elevado, fai con que en nalgúns casos esta baixada non sirva para asumir o aumento dos prezos de venda. Ademais nos casos en que a renda resultante de aplicar esta porcentaxe máis baixa sexa inferior á renda estipulada no 2023 non se aplica a baixada da renda. Por tanto, os prezos de renda en primeira transmisión ou ben mantéñense ou ben aumentan, como sucede no caso do réxime especial en zona 2 e no réxime xeral en zona 1 e 2. Igualmente, no caso de rendas en segundas e ulteriores contratos de arrendamento das VPA aplícase unha suba do 3% respecto dos prezos fixados en 2023.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 12:43:33
Nº Rexistro: 6548
Data envío: 02/07/2024 12:43:33.644

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Establecer indicadores de seguimento dos custes da construción- incluíndo custes intermedios e de man de obra de forma desagregada- así como da accesibilidade á vivenda e dos factores que a condicionan- considerando que as familias non deben destinar máis dun 30% das rendas a gastos relacionados coa vivenda.

2. Realizar un estudo económico do impacto dos prezos máximos de venda e renda da vivenda protexida, sobre os prezos do mercado libre e sobre a accesibilidade, nun hipotético desenvolvemento de 20.000 vivendas protexidas.

3. Baixar os prezos máximos de venda e renda da vivenda protexida de protección autonómica para garantir a súa accesibilidade.

4. Axustar os prezos de licitación da construción da vivenda protexida en base aos indicadores definidos no punto 1."

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG



CSV: BORISDREEbg9pMMo09
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 12:43:33
Nº Rexistro: 6548
Data envio: 02/07/2024 12:43:33.644

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 02/07/2024 12:35:51**

**Luis Bará Torres na data 02/07/2024 12:41:17**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:33:50
Nº Rexistro: 6554
Data envío: 02/07/2024 13:33:50.496

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a Torre de Guimarei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Torre de Guimarei, que se atopa no concello de A Estrada, é un emblema para os veciños, chegando incluso a formar parte do escudo da localidade. Trátase dun monumento que se ergue 10 metros sobre o chan aínda que no seu momento acadaba os 15 metros de altura, cunha planta cadrada con muros grosos rematados nunhas aspilleras, pegado a un pazo de construción posterior.

A orixe da propia torre remóntase á época medieval, ao século XII, e segundo a historia é o único que se conserva dun castelo que foi derruído nas Revoltas Irmandiñas do século XV.

A declaración da Torre de Guimarei como BIC (Ben de Interese Cultural) non a libra do deterioro e esquecemento por parte da administración, que non se interesa nin sequera por facer a limpeza das malas herbas que a arrodean e cobren grande parte da construción e do pazo que ten a carón, xa que ambos os dous están nun total estado de abandono, cun claro risco de derrubamento pola inacción dos membros de goberno e por extensión, da Consellería de Cultura.

A pesares de que para a veciñanza de A Estrada é un símbolo propio, a realidade é que a Torre foi adquirida por un particular no 1999 e, aínda que o caso chegou ata o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no 2002 e posteriormente no 2007 o Tribunal



CSV: BOPGDSPG-jHC9jpMZ6C-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:33:50
Nº Rexistro: 6554
Data envio: 02/07/2024 13:33:50.496

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Supremo, cun resultado favorable para a administración local que reclamaba o dereito de retracto, o caso caeu nun silencio e falla de acción política que favorece o deterioro deste símbolo estradense.

Dende o BNG da localidade presentáronse emendas aos presupostos da Xunta de Galiza para a posta en valor e posterior desfrute do monumento, tanto da Torre coma do pazo contiguo, coa recuperación deste patrimonio para desfrute público de todos aqueles que desexen visitala. Tal é o abandono desta propiedade actualmente privada que figura na "Lista Roja de Hispania Nostra", onde se mostra unha relación de elementos do patrimonio cultural que se atopan en risco de desaparición, destrución ou alteración esencial dos seus valores, coma unha chamada de atención sobre eles e sobre as accións que deberían provir das administracións para a súa conservación.

A pesares de que na páxina de turismo da Xunta de Galiza aparece que está en estado de rehabilitación e recuperación, tras entrar dentro das promesas electorais municipais do partido do goberno, o certo é que a Torre continúa no estado de deterioro que a leva acompañando todos estes anos tras algúns contactos estériles cos propietarios como único avance cara o prometido.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer unha dotación económica para a adquisición e posterior recuperación e rehabilitación da Torre e o pazo de Guimarei.

2. Garantir que a Torre e o pazo de Guimarei sexan visitables como BIC, cumprindo a normativa vixente."



CSV: BOPGDSPG-lPb9jpM26C-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:33:50
Nº Rexistro: 6554
Data envio: 02/07/2024 13:33:50.496

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 02/07/2024 13:22:29**

**Mercedes Queixas Zas na data 02/07/2024 13:27:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2024 13:27:47**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:37:20
Nº Rexistro: 6556
Data envio: 02/07/2024 13:37:20.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Cristina Fernández Davila** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade urxente de intervir nos centros educativos públicos de Mos para garantir a calidade do seu servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dinámica urbana do concello de Mos está fortemente influenciada pola súa posición na área metropolitana de Vigo, que fai con que nos últimos anos a súa evolución demográfica fose positiva. Dende o ano 1998 até o 2022 a poboación aumentou dos 13.704 habitantes aos 15.199 actuais.

Porén os servizos públicos cos que debera contar un concello destas características son insuficientes ou presentan graves carencias e deficiencias. A situación da educación é especialmente mala, tanto no centro de educación secundaria como nos centros de educación infantil e primaria.

No tocante ao ensino secundario, o IES de Mos leva anos arrastrando un problema de saturación do centro. Na actualidade hai entre 630 e 650 alumnos e alumnas para un centro cunha capacidade para 500. Por tanto teñen unhas instalacións que non foron concibidas para poder dar servizo a un 30% máis de alumnado. Tampouco a Xunta demostra vontade de actuar para tratar de paliar este problema. Así, leva anos desouvindo as peticións da comunidade educativa para cubrir as pistas exteriores, todo isto a pesar de que só contan con dúas zonas cubertas, de 70m2 unha e

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

50 m2 outra. Situación que é inconcibible xa que nos días de choiva os rapaces e rapazas non teñen sitio para protexerse da mesma.

No plano dos recursos humanos tampouco a Xunta tratou de paliar o déficit da saturación do centro, que actualmente conta tamén con ciclos formativos de FP. Neste momento dos 60 profesores solicitados polo centro, apenas se enviaron 57,5. Isto fai con que haxa varias clases de bacharelato que están ao límite de alumnos permitidos, existindo unha media de alumnos 28 alumnas e alumnos por clase no centro.

Por se fora pouco existe unha desleixo da administración galega para dar resposta a outras deficiencias como son a traída de auga do centro, que leva máis de 4 anos rota sen dar ningún tipo de resposta por parte das administracións. A necesidade de máis liñas do servizo de autobuses ou a reparación da escaleira de incendios. Incluso as obras que se realizan fanse sen unha correcta previsión como no caso da cuberta lateral, que anos despois de realizarse, tívose que retirar para facer un aumento nas aulas para que os ciclos formativos de FP puideran impartirse. Obras que duraron ata ben entrado novembro deste curso pasado.

En canto aos centros de educación de infantil e primaria reitérase unha política de desleixo nas mellora das infraestruturas que cos anos van quedando obsoletas ou inutilizables, tendo en conta que dos 5 colexios públicos do Concello, todos menos un teñen mais de 25 anos.

O CEIP Atin Cela ten necesidade urxente de construír un muro de contención lateral que evite os movementos de terras e reforce a seguridade so edificio. Así como que dende hai uns anos solicitan a construción dun novo parque de primaria.



CSV: BOPGDSPG-bp5qJdAr63-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:37:20
Nº Rexistro: 6556
Data envio: 02/07/2024 13:37:20.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O CEIP Pena de Francia ten varios problemas de seguridade que deberan ser resoltos con urxencia. Primeiro, un problema de afección de xilófagos no escenario que está en risco de derrube, lugar onde realizan os actos do centro. Segundo, as canastras non cumpren a normativa actual, tendo grave risco de caída. Este centro tamén ten un problema de desgaste das instalacións, nun centro que xa está próximo a cumprir os 50, sen que se teñan acometido as melloras necesarios, de aí que requiren de actuacións as instalacións de fontanería, as recollidas de augas pluviais ou as pistas. Por último tamén teñen carencias no relativo ás zonas cubertas para os recreos, xa que con 229 alumnos na actualidade resultan insuficientes.

O CEIP Petelos existe preocupación pola aparición de gretas na cimentación das pistas exteriores, sendo un perigo para o alumnado. Ademais existen filtracións de auga na zona do ascensor que provoca frecuentes curtocircuítos, polo que é necesario un illamento urxente para garantir a accesibilidade do centro.

O CEIP Mestre Valverde Mayo e o CEIP Pena de Francia precisan dun cambio de ventás urxentes, xa que son as mesmas que se instalaran na súa construción sen a necesaria rotura térmica para un centro educativo actual, e unha urxente mellora das condicións do pavimento no patio.

O CEIP Mestre Martínez Alonso, é necesaria unha revisión das instalacións para a súa mellora.

En definitiva, a situación dos centros educativos en Mos é o resultado de anos de deixación de funcións por parte da administración galega en que non se puxeron as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos.

CSV: BOPGDSPGkbpSqDAmc3-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:37:20
Nº Rexistro: 6556
Data envio: 02/07/2024 13:37:20.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O parlamento insta a Xunta a impulsar de forma urxente as medidas necesarias para garantir unha adecuada atención e calidade dos servizos educativos nos centros públicos de Mos, entre as que se inclúen as seguintes:

- Redución da ratio alumno por aula con maior dotación de profesorado, con especial atención ao alumnado con demandas especiais.

- Mellora das seguintes infraestruturas:

    - IES de Mos: Peche das pistas exteriores, arranxo da traída de auga e aumento das liñas de autobuses.
    - CEIP Atin Cela: Muro de contención lateral para asegurar o posibles movementos de terras, parque de primaria.
    - CEIP Pena de Francia: Substitución do escenario, de material e instalacións deportivas e das instalacións sanitarias e pluviais.
    - CEIP Petelos: Inspección e consolidación de problemas estruturais interiores e exteriores do centro e actuacións de illamento do solo interior para evitar as filtracións.
    - CEIP Mestre Martínez Alonso: Substitución das fiestras para a súa mellora da eficiencia enerxética.
    - CEIP Mestre Valverde Mayo: Na zona de máis antiga construción substitución das fiestras para a súa mellora da eficiencia enerxética e mellora da pavimento do patio".



CSV: BORISDDPG-rpsqJ0Ar3-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 13:37:20
Nº Rexistro: 6556
Data envío: 02/07/2024 13:37:20.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Cristina Fernández Davila**

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 02/07/2024 13:26:36**

**Cristina Fernández Davila na data 02/07/2024 13:26:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/07/2024 13:27:07**

CSV: BORISDBG-hp5q0Arc3-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6559
Data envio: 02/07/2024 14:03:40.582

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Luís Bará Torres** e da deputada **Sonia Vidal Lamas,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a contaminación das augas do encoro das Conchas na Baixa Limia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas análises realizadas o pasado día 1 de xuño sobre presenza de cianobacterias nos distintos encoros deste país resultaba que, en todos os casos, o nivel de risco era de nivel 1, val dicir, o volume de cianobacterias non superaría os 4 mm3/l e non se cuantifican toxinas, polo que a probabilidade de efectos sobre a saúde derivados destas algas era baixa. Idéntico resultado reflectiron as análises realizadas nas zona de O Corgo-A Rola, no concello de Muíños, que ao igual que a zona de Portoquintela esta bañada polas augas do encoro das Conchas.

Porén os resultados das analíticas practicadas tres semanas despois, o día 21 de xuño de 2024, provocaron que a Xunta de Galiza cualificase o nivel de risco das augas da zona de Portoquintela como de nivel 3, con alta probabilidade de efectos adversos para a saúde, o que exixe que os concellos afectados -neste caso o concello de Bande- deberá sinalizar o espazo como “zona con prohibición de baño”.

Nivel de risco provocado ou ben pola elevada concentración de cianobacterias -superior aos 8 mm3/l-, ou ben pola ben pola alta presenza de toxinas e escumas e natas de cianobacterias. As augas de baño da zona de O Corgo-A Rola, no



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6559
Data envio: 02/07/2024 14:03:40.582

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concello de Muíños, que ao igual que Portoquintela pertencen ao encoro das Conchas, foron cualificadas como de nivel 1, totalmente aptas para o baño.

As analíticas realizadas o día 28 de xuño de 2024 en ambas zonas dos concellos de Bande e Muíños (Portoquintela e O Corgo-A Rola, respectivamente) ofreceron os mesmos resultados que as da semana anterior, nivel 3 de contaminación no primeiro caso e nivel 1 no segundo. En Portoquintela seguía detectándose nas augas contaminación por cianobacterias coa conseguinte prohibición do baño. Na zona de baño de O Corgo-A Rola a Xunta de Galiza non detectou risco para a saúde polo que as augas foron cualificadas como de nivel 1.

O día 30 de xuño no campamento Aquis Querquennis, e tamén nas súas augas, celebráronse as tradicionais xornadas de recreación histórica con baño incluído, o que evidencia unha ben unha rápida xestión das administración competentes na limpeza e eliminación das cianobacterias que contaminaban esas augas e puñan en risco a saúde das bañistas, ou ben unha neglixencia municipal na preservación da saúde da cidadanía permitindo o baño en zona de nivel 3 de contaminación.

A realidade é que un ano máis as augas de zonas de baño do encoro das Conchas, que constitúen non só importantes espazo para o lecer da veciñanza da comarca da Baixa Limia e lindantes, senón tamén un importante reclamo turístico e xa que logo un instrumento para a valorización da comarca e para o seu desenvolvemento económico e social; vense afectadas pola contaminación por cianobacterias, sen que a Xunta de Galiza coñeza – ou, no seu caso, actúe)- sobre as causas que a orixinan e que provocan graves prexuízos para o medio ambiente, con potencial afectación para a saúde humana.

CSV: BOPGDSPG-Rcjui9MBV-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6559
Data envio: 02/07/2024 14:03:40.582

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para eliminar a contaminación por cianobacterias das augas do encoro das Conchas, e garantir a salubridade das mesmas e a súa aptitude para o baño e lecer das persoas, así como para o desenvolvemento natural da flora e fauna".

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Sonia Vidal Lamas**
Deputado e deputada do G.P. do BNG
**Luís Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/07/2024 13:50:10**

**Sonia Vidal Lamas na data 02/07/2024 13:50:25**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6559
Data envio: 02/07/2024 14:03:40.582

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres na data 02/07/2024 13:50:40**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 10:10:15
Nº Rexistro: 6574
Data envio: 03/07/2024 10:10:15.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García, Daniel Pérez López** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á convocatoria urxente de axudas directas ao sector marisqueiro galego afectado polas condicións metereolóxicas adversas dende o pasado mes de outubro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á perda continuada de produtividade das rías galegas dende hai máis dunha década, súmanse nos últimos anos varios episodios seguidos de choivas intensas, un detrás doutro (en febreiro de 2021, nos primeiros meses de 2023 e, de novo, nos últimos meses dese ano e ata abril deste 2024), que deron como resultado mortaldades masivas de marisco e que os recursos marisqueiros, extremadamente debilitados, non se deran recuperado e acadado a talla comercial.

Evidentemente, o descenso constante da produtividade e as circunstancias, sobre todo metereolóxicas pero non só, acumuladas nos últimos anos trouxeron ao sector marisqueiro períodos de inactividade, diminución importante de ingresos e, neste momento, unha situación verdadeiramente crítica.

Neste contexto, foron moitas as ocasións ao longo deste tempo nas que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou diversas iniciativas no Parlamento galego propoñendo actuacións para a rexeneración dos bancos marisqueiros e, como medida máis urxente, para acompañar e dar a cobertura social axeitada ás



Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 10:10:15
Nº Rexistro: 6574
Data envio: 03/07/2024 10:10:15.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballadoras e traballadores do sector marisqueiro para que, por un lado, puidesen seguir mantendo unhas rendas dignas e, por outro, non se visen obrigadas a abandonar definitivamente a actividade marisqueira e se puidesen manter os postos de traballo no sector.

Despois de ter votado en contra das nosas propostas nese sentido durante toda a lexislatura anterior, finalmente, o pasado sete de maio, o Grupo Parlamentario Popular apoiou unha outra iniciativa do BNG que recolle medidas para poñer en marcha dende a Xunta de Galiza a curto prazo e outras, que necesitan máis tempo para desenvolverse e son máis custosas, a longo prazo.

Literalmente, aprobouse, por unanimidade *"elaborar e poñer en marcha de xeito urxente e extraordinario un plan de cobertura económica e social para as traballadoras e traballadores do mar afectados pola sucesión de condicións climatolóxicas adversas que se veñen producindo dende o mes de outubro, e que contemple, cando menos: Axudas directas dende o mes de outubro e ata que se recupere a actividade con normalidade ..."*

Cando se van cumprir dous meses dende a súa aprobación, vemos como a situación das mariscadoras e mariscadores é, non igual que daquela senón, moito peor: A única aportación que levan recibido da Administración galega dende o mes de outubro é a de 550 euros que, dun total de 7.000 profesionais, foi aboada apenas a 4.000; as axudas con cargo aos fondos FEMPA foron convocadas aínda no mes de maio e só para a paralización da actividade do marisqueo a frote nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, nos do Plan de xestión da Confraría de Noia e no específico conxunto, tamén a frote, das zonas de libre marisqueo das Confrarías de Pontevedra, Lourizán, Raxó, Sanxenxo e Marín.

Nestes casos, tardarán aínda meses en cobrar pero, no resto dos casos afectados do marisqueo a frote e, sobre todo, na totalidade dos casos do marisqueo a pé as axudas



CSV: BORISDBG4jpXQgdxc7-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 10:10:15
Nº Rexistro: 6574
Data envio: 03/07/2024 10:10:15.603

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seguen sen convocarse a esta altura do ano, cando xa moitas persoas afectadas tiveron que buscar outro traballo e cando moitas outras ou esgotaron a prestación por cese ou non puideron sequera acceder a ela.

É verdadeiramente inxustificábel este desleixo por parte da Xunta de Galiza, única Administración con competencias en materia de marisqueo, e resulta ademais incalificábel a inacción en particular da Consellaría de Mar que, ademais de levar meses anunciando actuacións que aínda non levou a cabo, é incapaz de executar os seus propios orzamentos ano tras ano, malia ás moitas necesidades do sector do mar no seu conxunto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Dar cumprimento aos acordos unánimes tomados polo Parlamento galego o pasado sete de maio e, en consecuencia, a convocar urxentemente axudas directas ao sector marisqueiro galego afectado pola sucesión de condicións metereolóxicas adversas, que dean cobertura á súa redución de ingresos dende o mes de outubro de 2023 ata que se recupere a actividade con normalidade.

. Investir prioritariamente nesas axudas os 21.452.000 euros que, segundo os datos do Estado de Execución dos Orzamentos do 2023 a 31 de decembro de 2023, deixou sen executar a Consellaría de Mar."

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024



CSV: BORISDBC3-jpXgWcC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Castro García**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Rosana Pérez Fernández**

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 03/07/2024 09:59:20**

**Carmela González Iglesias na data 03/07/2024 10:06:37**

**Daniel Castro García na data 03/07/2024 10:07:24**

**Daniel Pérez López na data 03/07/2024 10:07:25**

**Rosana Pérez Fernández na data 03/07/2024 10:08:03**

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 12:42:24
Nº Rexistro: 6584
Data envio: 03/07/2024 12:42:24.767

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Sonia Vidal Lamas, Montserrat Valcárcel Armesto** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, sobre o rexistro vitícola da D.O. Valdeorras e a súa actualización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Valdeorras conta cunha DO cunha gran calidade e cantidade viños. Un sector agrícola punteiro, que está a mellorar dia a día, sendo hoxe un escaparate para toda a comarca. Estamos ante un sector que mantén unha grande actividade agraria, que repercute na comarca creando unha importante riqueza económica e tamén unha fonte importante de traballo nesta comarca.

Esta situación privilexiada tería que ser acompasada pola administración galega, solucionando os problemas e respaldando este sector tan importante. Por desgraza a realidade non é así nunha cuestión tan importante como é o rexistro vitícola.

O Rexistro Vitícola de Galiza é un instrumento técnico-administrativo esencial para o mellor coñecemento da situación real da viticultura galega. Este instrumento é competencia exclusiva da Xunta de Galiza e da súa exclusiva responsabilidade.

Esta ferramenta xa leva en marcha dende o pasado século, concretamente púxose en marcha por Orde Comunicada do Ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación de 29 de maio de 1987. Pois a pesares de que se inicio esta ferramenta fai preto de 50 anos sigue sen estar debidamente actualizado.



CSV: BOPGDSPG-b6hpIoMo-C49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O RVG trata de reflectir a realidade da superficie plantada de viñas e neste senso recolle datos relativos á identificación e localización das explotacións vitícolas, da súa titularidade (persoas viticultoras e propietarias ou as súas agrupacións) e das parcelas de viñedo que as constitúen (referencia catastral e características agronómicas: variedades de vinífera, ano de plantación...).

En síntese, o RVG é un rexistro informático único, de carácter público e natureza técnico-administrativa, no cal se recollen as informacións obrigatorias do sector vitivinícola de Galiza, cunha dobre finalidade:

• Xestión técnico-administrativa das plantacións para seguimento e control da evolución das superficies de viñedo.

• Base de datos, como fonte das estatísticas oficiais do sector, en particular do Inventario vitícola de Galiza.

Polo tanto este rexistro ten unha importancia crucial para as explotacións vitícolas galegas. Por este motivo deberá manterse con información actualizada e fiable do potencial de produción vitícola de Galiza.

Este rexistro está suxeito a cambios nas características estruturais e agronómicas das parcelas de viñedo que integran as explotacións vitícolas e a súa titularidade e polo tanto está permanentemente á disposición das persoas viticultoras para calquera actualización/modificación dos seus datos.

A actuación da Xunta de Galiza, responsábel deste instrumento, neste campo ten moito que desexar; non resolve dentro de prazos prudenciais, hai moitas demoras, en definitiva non se solucionan os problemas as viticultoras e viticultores.

Concretamente na Denominación de Orixe Valdeorras, a pesares do tempo que leva funcionando, existe un problema enquistado co rexistro vitícola. Multitude de



CSV: BOPGDSPG-U6hqtJM0o-C49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propietarios vitícolas sofren e padecen os problemas que teñen en moitos dos datos que reflicte dito rexistro. Isto fai que os tramites burocráticos sexan moi laboriosos e lentos, desesperando as e os titulares que tardan meses e meses en resolver os procedementos iniciados. Non é de recibo que a Xunta de Galiza sexa un tapón para este sector agrícola fundamental na comarca de Valdeorras.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

• Dotar de persoal suficiente aos departamentos que xestionan o rexistro vitícola, concretamente no referente a DO de Valdeorras.

• Resolver rapidamente os expedientes de actualización modificación do rexistro vitícola instados polas persoas viticultoras.

• Solucionar de oficio os déficits que ten o rexistro vitícola de Valdeorras."

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**
**Sonia Vidal Lamas**
**Montserrat Valcárcel Armesto**
**Ariadna Fernández González**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**



CSV: BOPGDSPG-Uc3u1xM0c-49
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 12:42:24
Nº Rexistro: 6584
Data envio: 03/07/2024 12:42:24.767

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 03/07/2024 12:30:23**

**Sonia Vidal Lamas na data 03/07/2024 12:38:58**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 03/07/2024 12:38:59**

**Ariadna Fernández González na data 03/07/2024 12:39:56**

**Luis Bará Torres na data 03/07/2024 12:39:58**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Lara Méndez López** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Visitar Lugo convértese nunha viaxe ao pasado e require empregar un tempo para descubrir con calma todos os recantos que esconde esta máxica cidade bimilenaria. Un dos praceres que descobre o viaxeiro que se deixa namorar pola capital amurallada é o de esquecer as présas. Lugo ofrece o engado das cidades nas que o tempo parece deterse, e o visitante pódese entregar ao luxo de pasear sen rumbo polas súas apracibles rúas e descubrir sosegadamente os seus mil e un recantos engaiolantes.

E se algo caracteriza Lugo é a extraordinaria hospitalidade con que acolle os seus visitantes: a muralla romana ten sempre as portas abertas. Lugo presume orgullosa da única muralla romana do mundo que conserva íntegro o seu perímetro, e que se converteu en emblema da cidade sobre todo dende que no ano 2000 a Unesco a declarou Monumento Patrimonio da Humanidade. Cando descobre estes muros, o viaxeiro non deixa de sentirse abraiado pola beleza sólida e serena desta construción defensiva, e ao percorrer as súas pedras coa ollada pode percibir o paso da historia.

A sorpresa medra cando sobe ao adarve da muralla a percorre os seus máis de dous quilómetros de perímetro. Ao descubrir dende o alto da muralla as cores da campía lucense, os lousados e as chemineas do casco antigo e as soberbias torres da catedral, o tempo parece deterse. O silencio da noite e das pedras foi cómplice de xeracións e xeracións de lucenses que, baixo a lúa, gozaron deste paseo único no mundo.

CSV: BOPGDSPG3cj4ppMvFdC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Histórica, monumental, gastronómica, medio ambiental ... son moitos os motivos polo que Lugo e escollido por milleiros de persoas cada ano. O viaxeiro que chega a Lugo atopa unha cidade cun engado especial pola beleza da súa muralla, do seu casco histórico e do paso do río Miño. A lembranza que perdurará na súa memoria é a dunha cidade acolledora onde ninguén é estraño e que sempre ten as súas portas abertas.

A cidade de Lugo tivo un crecemento exponencial como cidade turística e o punto de inflexión foi precisamente o hito de acadar que a muralla romana fora declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000.

O diario El Progreso recollía o dia 25 de xuño, unha vez mais, as queixas veciñais pola falla de limpeza da muralla no momento de máxima afluencia turística.

Pola súa condición de patrimonio da humanidade quen ten as competencias de conservación,  e de mantemento son en exclusiva da Xunta de Galicia. E a vista da situación non as esta exercendo.
Un ano mais a falla de planificación non permitiu facer os traballos de limpeza coa suficiente antelación que permitise que en estes meses de maior afluencia o noso buque insigne luza como se merece.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

a) Que se leven a cabo na máxima brevidade a limpeza da muralla.
b) E que no sucesivo se planifique e se materialice as labores de mantemento e limpeza con previsión e tempo suficiente.

CSV: BOPGDSPGiC3dq1Mfo9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 12:58:49
Nº Rexistro: 6588
Data envio: 03/07/2024 12:58:49.114

Grupo
Parlamentario
Socialista

Santiago de Compostela, 3 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 03/07/2024 12:54:07**

**Patricia Iglesias Rey na data 03/07/2024 12:54:16**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/07/2024 12:54:26**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 13:07:36
Nº Rexistro: 6593
Data envío: 03/07/2024 13:07:36.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias**, **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre as melloras urxentes das infraestruturas educativas do concello de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre a comunidade educativa de Vigo está aumentando o malestar polas carencias e graves deficiencias a nivel infraestrutural que se percibe nos centros públicos da cidade. Durante anos, as queixas e peticións por parte dos equipos docentes e das ANPAS na cidade foron acumulándose, sen que se lles poña solución por parte da Xunta. Así, ano tras ano, vanse sumando outras carencias e necesidades máis recentes conformando unha longa lista de demandas que reflexa unha política de recortes sistemáticos no ámbito educativo. Dende a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnado de Vigo e Comarca teñen detectado problemas relacionados coas infraestrutura até en 23 centros da cidade.

Estamos falando, na maioría de casos, de actuacións que teñen que ver con cuestións moi básicas de seguridade, de accesibilidade e dos mínimos de confort ambiental e de habitabilidade que deben ter os centros. Sen dúbida se o goberno galego apostase por unha actualización dos centros educativos en base a parámetros pedagóxicos actuais a tarefa sería inxente. Mais estamos falando apenas das actuacións



CSV: BORISDPCGSpfp1WMVC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de mínimos que debe asumir a Xunta de Galiza para un funcionamento correcto dos centros educativos.

Da análise das demandas urxentes máis reiteradas destacamos que existen dous vectores comúns: os problemas de seguridade e os de habitabilidade. Primeiro, os plans de autoprotección fan aflorar deficiencias graves que comprometen a seguridade, tanto a diario como no caso dunha emerxencia. É extremadamente grave que non se estean solventando por parte da Xunta nin tan sequera estas cuestións. Segundo, é unha constante as queixas sobre todo o relacionado co correcto illamento e calefacción dos centros, con problemas graves de humidade e de frío nos espazos interiores e a falla de espazos cubertos no exterior.

De forma máis concreta, algunhas das actuacións de carácter urxente que a Xunta de Galiza ten que atender xa son as seguintes:

**CEIP IGREXA-CHAPELA:**
- Construción de pista cuberta.
- Substitución dos falsos teitos, alumeado, cadro eléctrico e portas de emerxencia.
- Consolidación estrutural da pista polideportiva.
- Reforma do ximnasio. Cambio cuberta, eliminación amianto e substitución da carpintería exterior.

**CEIP ESCULTOR ACUÑA**
- Substitución de carpintería exterior.
- Ampliación das zonas exteriores cubertas.

**CEIP CHANS-BEMBRIVE**
- Cambio cuberta fibrocemento
- Substitución de carpintería exterior e da caldeira.

**EEI ARAGÓN**
- Adaptación do espazo para alumnado con discapacidade motórica.



CSV: BOPGDSPGGSpdpMWc9-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cobertura dos accesos aos distintos espazos.
- Substitución de carpintería exterior.

**CEIP PARAIXAL**
- Cambio das tubaxes.
- Actualización sistema de alarma.

**CEIP ALFONSO D. RODRÍGUEZ CASTELAO**
- Ampliación do comedor.

**CEIP CARBALLAL-CABRAL**
- Cambio a Illamento da cuberta.
- Substitución de carpintería exterior.
- Instalación dun novo sistema de calefacción.
- Illamento do ximnasio.

**CEIP ILLAS CÍES**
- Cambio e illamento da cuberta do comedor e do patio de Educación Infantil.
- Illamento da fachada.

**EEI VILA LAURA**
- Reforma do patio de embaixo do edificio principal para evitar as humidades e o frío.
- Mellora da accesibilidade cun novo acceso na fachada.

**CEIP CARRASQUEIRA**
- Cambio da cuberta do ximnasio e da antiga casa do conserxe.
- Cambio do sistema eléctrico e do portal de entrada ao centro.
- Cambio de pavimento de todo o edificio.

**CEIP JOSEFA ALONSO**
- Substitución de carpintería exterior.
- Eliminación de humidades no ascensor.

CSV: BOPGDSPG-Sp4pMWc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**CEIP BALAÍDOS**
- Cambio da iluminación.
- Instalación dun ascensor para garantir a accesibilidade.
- Escadas de emerxencia no edificio de educación infantil.
- reforma da planta baixa para mellorar o funcionamento e a eficiencia enerxética.

**CEIP O POMBAL**
- Melloras nos aseos e nas portas de acceso de Educación Infantil.

**EEI CRISTO DA VICTORIA**
- Substitución de carpintería exterior.
- Cambio do pavimento do patio.

**IES ALEXANDRE BÓVEDA**
- Eliminación de goteiras e substitución de tubaxes.
- Segunda fase do ximnasio.
- Adecuación da accesibilidade en cadeira de rodas aos vestiarios e varandas de seguridade para persoa invidente.

**CEIP VALLE-INCLÁN**
- Arranxo dos aseos.
- Substitución de carpintería exterior en 2º e 3º ciclo de primaria.
- Reforma da aula de polo creativo.

**IES BEADE**
- Aproveitamento do espazo e integración da antiga casa do conserxe.

**CEIP SAN SALVADOR**
- Ampliación patio de infantil.
- Reforma da cuberta do pavillón de deportes.
- Substitución de carpintería exterior.
- Adecuación de pasamáns á normativa de seguridade.

**CEIP SOBREIRA-VALADARES**
- Substitución de carpintería exterior.
- Reforma para reacondicionamento do comedor e da biblioteca.

Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 13:07:36
Nº Rexistro: 6593
Data envio: 03/07/2024 13:07:36.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**CEIP PÁRROCO DON CAMILO**

- Substitución de tubaxes.
- Substitución de carpintería interior.
- Cambio e reparación dos teitos e cuberta.
- Seguridade dos peches e valado.
- Cambio de persianas.

**CEIP MESTRES GOLDAR**

- Reforma vestiarios ximnasio
- Arranxo do pavimento de dúas pistas deportivas exteriores.
- Remate da rampla de acceso aos patios.
- Instalación de acceso Wifi no ximnasio (única aula que non ten).

**IES CORUXO**

- Ampliación de espazos, incluíndo a reutilización da casa do conserxe.
- Mellora dos accesos ao centro.

**CEIP RAMÓN Y CAJAL**

- Reparación da cuberta.
- Instalación dun parque infantil na parte posterior do centro.
- Reparación do pavimento do ximnasio e o do patio interior do colexio

Ademais, existe unha necesidade xeneralizada no conxunto de centros educativos públicos da cidade no referido á adecuación e mellora dos patios e espazos de xogo, que presentan evidentes deficiencias e cuxo deseño fica obsoleto, sendo numerosas as demandas da comunidade educativa para promover a implantación dun novo modelo de patios vivos e coeducativos que aposte na súa renaturalización, na renovación do equipamento de xogo e no seu redeseño para evitar a segregación de usos por xénero e que os promova como espazos para a socialización, a convivencia na diversidade, a aprendizaxe experimental e o xogo libre en contacto coa natureza. Unha tarefa que non pode ser asumida polos exiguos orzamentos cos que contan os propios centros e que esixe dun investimento por parte do Goberno galego.

CSV: BORISDPCGSpap1MWC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 13:07:36
Nº Rexistro: 6593
Data envio: 03/07/2024 13:07:36.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O parlamento insta a Xunta a

- No prazo máximo dun mes realizar e facer público unha avaliación e un informe urxentes sobre o estado das infraestruturas educativas no concello de Vigo, onde se inclúa unha enquisa á comunidade educativa para detectar necesidades e demandas de cada centro.

- Garantir a inclusión no vindeiro exercicio orzamentario dunha partida con fondos suficientes para a mellora urxente das infraestruturas educativas en Vigo, que permitan abordar todas as deficiencias detectadas así como impulsar un novo modelo de patios vivos e coeducativos".

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
**Carmela González Iglesias**
**Cristina Fernández Davila**
**Brais Ruanova Vilas-Boas**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGCIUpIMWC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 13:07:36
Nº Rexistro: 6593
Data envio: 03/07/2024 13:07:36.357

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 03/07/2024 12:43:55**

**Carmela González Iglesias na data 03/07/2024 12:44:06**

**Cristina Fernández Davila na data 03/07/2024 12:44:34**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/07/2024 12:44:45**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2024 12:45:15**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6599
Data envio: 03/07/2024 14:04:12.564

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Pérez López** e da deputada **Carmela González Iglesias** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as medidas que debe levar a cabo a Xunta de Galiza contra a deslocalización de empresas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos observando como a deslocalización de actividades empresariais é unha ameaza para industria galega e, sobre todo, para a súa clase traballadora. Neste sentido, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG) temos presentado iniciativas na liña de procurar o artellamento de ferramentas coa finalidade de evitar a deslocalización de actividades no sector da automoción.

Con efecto, son varias as novas diarias que nos proporcionan coñecemento sobre deslocalizacións de produción, como as referentes á fabricación de compoñentes, por parte de entidades integrantes do *Clúster de Empresas de Automoción de Galiza* (CEAGA); e, máis especificamente, as relativas á fabricación de vehículos por parte de *Stellantis*. Asemade, asistimos a un momento no que se están a producir deslocalizacións de proxectos -e de coñecemento-, como os encetados polo propio *Centro Tecnolóxico de Automoción de Galiza* (CTAG), consistentes na aposta decidida -e declarada-, de impulsar o futuro da automoción portuguesa.



CSV: BORISDRG-Hp35pYX6-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, as últimas informacións sobre deslocalizacións advirten da desviación fóra do noso territorio, do groso da actividade produtiva, por parte de preto de cincocentas (500) empresas, que aínda así, manteñen a súa matriz en Galiza.

Con efecto; podemos citar como exemplo, actuacións como o publicitado PERTE VEC II, concedido polo goberno central a Stellantis (unha parte, ao menos) ou, por non ir máis lonxe, a recente *Resolución do 1 de xullo de* 2024, publicada no DOG (2 de xullo de 2024), pola *que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas extraordinarias á industria da automoción en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva (liña A, código de procedemento IG300I, e liña B, código de procedemento IN422P)* e que implican un compromiso de crédito que ascende a 18 millóns de euros.

En todo caso, remitíndonos ás propias declaracións da actual Conselleira de Economía e Industria, a contía a que ascende o investimento comprometido a Stellantis (Vigo), nun período de 10 anos, ascende a preto de 81 millóns de euros.

Se ben é certo que a deslocalización non é unha problemática unicamente aplicable á automoción, porén é este sector o que está a sufrir unha maior incidencia desta práctica tan prexudicial para o desenvolvemento social e económico do País.

O uso de cartos públicos baixo o paraugas da internacionalización serviu, en grande medida, para deslocalizar de xeito cuantitativo a industria ligada ao sector téxtil na Galiza. Dende a década dos 2000 a industria téxtil galega perdeu o seu peso histórico deslocalizando grande parte do seu tecido productivo principalmente a Portugal e Asia

CSV: BOPGDSPGHpsg5qMx6-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6599
Data envio: 03/07/2024 14:04:12.564

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

perdendo preto dun cuarto do emprego que xeraba na Galiza e na que os últimos datos falaban da perda de preto de 25 empresas do sector ao ano.

Por outro lado e actualmente, están as declaracións do propio sector, advertindo dunha sorte semellante para as TIC, con base a unha deslocalización baseada na tan manida "competitividade". Neste sentido, este último sector das TIC vén de asinar, no presente mes de xuño, un convenio de colaboración coa Xunta de Galiza por valor dun millón de euros destinado a formación.

A cantidade de axudas públicas desembolsadas -ou a desembolsar- é dunha relevancia tal, que pon de manifesto a necesidade de adoptar medidas ou ferramentas xurídicas capaces de suxeitar calquera tipo de axuda pública ao afianzamento e/ou desenvolvemento industrial endóxeno e, por conseguinte, á creación de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas; é dicir, tórnase esencial o establecemento en Galiza de instrumentos legais que obriguen ás empresas beneficiarias de axudas públicas a manter as súas actividades empresariais na Galiza.

Se ben a concesión de axudas públicas está sometida á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, así como ao seu Regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), o certo é que tal regulación non resultou operativa para deter a deslocalización de empresas beneficiarias de subvencións.

Concretamente, a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza establece, no seu artigo 11 as obrigas dos beneficiarios. Así, no apartado 1, letras a) e b) recóllense as relativas a "*cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións*", e *"xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención"*, respectivamente.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6599
Data envio: 03/07/2024 14:04:12.564

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o artigo 33 regula as causas de *reintegro das cantidades percibidas -e a esixencia dos intereses de demora correspondentes- desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro*. O citado artigo, sinala entre outras causas de reintegro, o *incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención* (letra b). Así mesmo, as letras f), g) do nomeado artigo 33, contemplan a mesma medida respecto do incumprimento das obrigas ou compromisos impostos pola administración. Asemade, o mesmo precepto, contén no seu apartado 2, unha referencia ao artigo 14 da referida lei 9/2007, relativo ás bases reguladoras da concesión das subvencións.

Por outro lado, existe normativa estatal alusiva ao fenómeno da deslocalización. Con efecto; a Disposición Adicional Segunda do Decreto-Lei 1/ 2023, de 10 de xaneiro *de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas* (BOE 11/01/ 2023), refírese ao reintegro de subvencións e beneficios da seguridade social en materia de contratación e emprego en supostos de deslocalización empresarial.

Especificamente, na referida Disposición establécese que, sen prexuízo do previsto no Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social e, no seu caso na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro de subvencións públicas contempladas en disposicións de ámbito competencial estatal obtidas en materia de contratación e emprego, de acordo co procedemento que establezan as normas ditadas para a súa concesión.

En calquera caso, semella que a antedita lexislación non é suficiente para facer fronte, de maneira efectiva a antedita deslocalización da produción empresarial. Así o



CSV: BOPGDSPGHxp35bMx6-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6599
Data envio: 03/07/2024 14:04:12.564

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estimou, no seu día, a Comunidade Autónoma de Navarra ao aprobar a *Lei Foral 18/2020, do 16 de decembro, sobre medidas a favor do arraigo empresarial e contra a deslocalización empresarial* e que foi desenvolvida polo *Decreto Foral 28/2024, de 20 de marzo.*

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O parlamento insta a Xunta a realizar as seguintes actuacións:

1. Que para os supostos en que unha empresa beneficiaria de axudas públicas, proceda á deslocalización – en todo ou en parte- da súa actividade produtiva, o departamento competente da Xunta de Galiza estude a viabilidade xurídica do reintegro das cantidades percibidas. De verificarse tal viabilidade, se proceda a aplicar o antedito reintegro, así como dos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Que nas bases reguladoras de cada convocatoria de subvencións, o departamento competente estableza obrigas e limitacións moi claras ás eventuais empresas beneficiarias das axudas públicas, en evitación da deslocalización ou redución significativa da súa actividade, así como o mantemento de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas. É dicir; que as axudas se vinculen ao compromiso, por parte das empresas beneficiarias, de non incorrer en deslocalización, en cuxo caso, procederase ao seu reintegro, xunto cos intereses de demora devengados.

3. Que, na maior brevidade posíbel, o goberno galego, elabore un proxecto de lei –para ulterior debate e aprobación polo Parlamento Galego- que conteña medidas contra a deslocalización. Tal proxecto de lei estará dirixido, principalmente, a aqueles sectores estratéxicos da economía, susceptíbeis de ser beneficiarios de axudas públicas. En todo



CSV: BOPGDSPG-t6x3bpYkS-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso, a aprobación desta norma terá como finalidade conseguir que o diñeiro público investido en subvencións teña un retorno eficaz e efectivo para Galiza, coadxuvando ao seu desenvolvemento socioeconómico, real e necesario. Para tal fin, as anteditas subvencións quedarán sometidas ás obrigas e limitacións que foren precisas.

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
**Xosé Manuel Golpe Acuña**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
**Carmela González Iglesias**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/07/2024 13:56:49**

**José Manuel Golpe Acuña na data 03/07/2024 13:56:57**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6599
Data envio: 03/07/2024 14:04:12.564

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 03/07/2024 13:57:06**

**Daniel Pérez López na data 03/07/2024 13:57:16**

**Carmela González Iglesias na data 03/07/2024 13:57:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2024 13:57:44**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:45:43
**Nº Rexistro: 6610**
Data envio: 03/07/2024 16:45:43.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas**, **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonzo**, **Daniel Pérez López** e da deputada **Carmela González Iglesias** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a devolución das axudas concedidas a Stellantis que favoreceran a deslocalización de actividades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Levamos anos observando como a deslocalización de actividades empresariais é unha ameaza para industria galega e, sobre todo, para a súa clase traballadora. Neste sentido, dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) temos presentado iniciativas na liña de procurar o artellamento de ferramentas coa finalidade de evitar a deslocalización de actividades no sector da automoción.

Con efecto, son varias as novas diarias que nos proporcionan coñecemento sobre deslocalizacións de produción, como as referentes á fabricación de compoñentes, por parte de entidades integrantes do *Clúster de Empresas de Automoción de Galiza* (CEAGA); e, máis especificamente, as relativas á fabricación de vehículos por parte de *Stellanti*s. Asemade, asistimos a un momento no que se están a producir deslocalizacións de proxectos -e de coñecemento-, como os encetados polo propio *Centro Tecnolóxico de Automoción de Galiza* (CTAG), consistentes na aposta decidida -e declarada-, de impulsar o futuro da automoción portuguesa.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste contexto, debemos ter en conta a aposta económica pública -con cargo ao erario- que as diferentes administracións teñen realizado, a través de actividades de fomento (convenios, subvencións, programas ...) para apoiar e impulsar este sector.

Con efecto; podemos citar como exemplo, actuacións como o publicitado PERTE VEC II, concedido polo goberno central a Stellantis (unha parte, ao menos); os convenios para impulsar a continuidade do chamado "Foco de Emprendemento " no sector da automoción e mobilidade en Galiza ( o último; o III convenio, de 15 de marzo de 2023, publicado no BOE nº 66, do 18 de marzo dese ano); ou, por non ir máis lonxe, a recente *Resolución do 1 de xullo de* 2024, publicada no DOG (2 de xullo de 2024), pola *que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas extraordinarias á industria da automoción en Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, en réxime de concorrencia non competitiva (liña A, código de procedemento IG300I, e liña B, código de procedemento IN422P)* e que implican un compromiso de crédito que ascende a 18 millóns de euros.

A cantidade de axudas públicas desembolsadas -ou a desembolsar- é dunha relevancia tal, que pon de manifesto a necesidade de adoptar medidas ou ferramentas xurídicas capaces de suxeitar calquera tipo de axuda pública ao afianzamento e/ou desenvolvemento industrial endóxeno e, por conseguinte, á creación de emprego estábel suxeito a condicións laborais dignas; é dicir, tórnase esencial o establecemento en Galiza de instrumentos legais que obriguen ás empresas beneficiarias de axudas públicas a manter as súas actividades empresariais na Galiza.

Se ben a concesión de axudas públicas está sometida á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza, así como ao seu Regulamento (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), o certo é que tal regulación non resultou operativa para deter a deslocalización de empresas beneficiarias de subvencións.



CSV: BOPGDSPG-Z3Ad1rGC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:45:43
Nº Rexistro: 6610
Data envío: 03/07/2024 16:45:43.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concretamente, a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza establece, no seu artigo 11 as obrigas dos beneficiarios. Así, no apartado 1, letras a) e b) recóllense as relativas a "*cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións*", e *"xustificar perante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención"*, respectivamente.

Asemade, o artigo 33 regula as causas de *reintegro das cantidades percibidas -e a esixencia dos intereses de demora correspondentes- desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro*. O citado artigo, sinala entre outras causas de reintegro, o *incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención* (letra b). Así mesmo, as letras f), g) do nomeado artigo 33, contemplan a mesma medida respecto do incumprimento das obrigas ou compromisos impostos pola administración. Asemade, o mesmo precepto, contén no seu apartado 2, unha referencia ao artigo 14 da referida lei 9/2007, relativo ás bases reguladoras da concesión das subvencións.

Por outro lado, existe normativa estatal alusiva ao fenómeno da deslocalización. Con efecto; a Disposición Adicional Segunda do Decreto-Lei 1/ 2023, de 10 de xaneiro *de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas* (BOE 11/01/ 2023), refírese ao reintegro de subvencións e beneficios da seguridade social en materia de contratación e emprego en supostos de deslocalización empresarial.

Especificamente, na referida Disposición establécese que, sen prexuízo do previsto no Texto Refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social e, no



CSV: BOPGDSPG-3A4rq1lOR-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:45:43
Nº Rexistro: 6610
Data envio: 03/07/2024 16:45:43.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu caso na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, procederá o reintegro de subvencións públicas contempladas en disposicións de ámbito competencial estatal obtidas en materia de contratación e emprego, de acordo co procedemento que establezan as normas ditadas para a súa concesión.

En todo caso, remitíndonos ás propias declaracións da actual Conselleira de Economía e Industria, a contía a que ascende o investimento comprometido a Stellantis (Vigo), nun período de 10 anos, ascende a preto de 81 millóns de euros.

Así, ven de coñecerse nas últimas semanas a noticia de que finalmente Stellantis fabricará a nova furgoneta K9 en Turquía. Esta nova non tería maior repercusión se non fora porque o desenvolvemento da plataforma para a K9 fixose en Vigo a través dunha subvención do IGAPE por valor de preto de 2 millóns de euros e, a pesar de estar concibida para Vigo, primeiro se desviou a Reino Unido e agora semella que a produción final será en Turquía.

Á espera de coñecer pormenorizadamente as cláusulas desta axuda dende o Grupo Parlamentario do BNG vemos con preocupación como as axudas públicas non están a garantir a permanencia da actividade industrial, concretamente da automoción en Galiza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

"O parlamento insta a Xunta a estudar a viabilidade xurídica do reintegro das cantidades percibidas por Stellantis para o desenvolvemento da nova furgoneta K9 que finalmente se producirá lonxe de Vigo. De verificarse tal viabilidade, que se proceda a aplicar o antedito reintegro, así como dos xuros de demora correspondentes, desde o



CSV: BORISDR3-ZA3cqtk0RC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:45:43
Nº Rexistro: 6610
Data envío: 03/07/2024 16:45:43.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro".

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**
**Xosé Manuel Golpe Acuña**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
**Carmela González Iglesias**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/07/2024 16:38:43**

**José Manuel Golpe Acuña na data 03/07/2024 16:38:54**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 03/07/2024 16:39:04**



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 16:45:43
Nº Rexistro: 6610
Data envio: 03/07/2024 16:45:43.532

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López na data 03/07/2024 16:39:13**

**Carmela González Iglesias na data 03/07/2024 16:39:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/07/2024 16:40:00**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/07/2024 17:19:55
Nº Rexistro: 6613
Data envío: 03/07/2024 17:19:55.787



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Ernesto Abalde Alonso y Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura.**

O CEIP de Luíntra, pertencente ao municipio de Nogueira de Ramuín na provincia de Ourense, polo paso do tempo e a ausencia de reformas por parte da Xunta de Galicia, encóntrase nunhas condicións moi afastados das que debería reunir un centro educativo.

A propia comunidade educativa informou a Consellería desta problemática sen que o Goberno galego realizase as intervencións necesarias. .

As deficiencias son, entre outras,  as seguintes:

- O muro do peche perimetral do patio escolar encóntrase nalgún tramo en moi mal estado, o que pode constituír un perigo para o alumnado.
- Na entrada principal do patio escolar, nos días de chuvia, conta cun charco permanente.
- A cámara refrixerada da cociña está en mal estado.
- As ventás son moi antigas, de ferro, que non illan e filtran tanto frío como calor.
- O persoal de cociña non conta con baño nin vestiario.
- Existen tres baños en mal estado do piso superior e 2 baños do comedor.
- As portas de acceso están deterioradas.
- Falta de limpeza de canlóns.
- Humidades na fachada.
- Carencia de puntos de corrente nas aulas.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

– Problemas continuos co cadro da luz.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á realización dun plan integral de reforma do CEIP de Luíntra, e que sexa presentando na Cámara galego de forma inmediata, tanto o proxecto como o orzamento consignado.

Santiago de Compostela, 3 de xullo do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/07/2024 17:16:45**

**Julio Abalde Alonso na data 03/07/2024 17:16:59**

**Silvia Longueira Castro na data 03/07/2024 17:17:13**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 03/07/2024 17:17:25**

CSV: BOPGDSPGzbp9kpZ46cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 09:35:42
Nº Rexistro: 6623
Data envio: 04/07/2024 09:35:42.256

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputados **Oscar Insua Lema**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre a demanda de transporte público do alumnado dos centros educativos na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Costa da Morte o transporte público está incluído na lista de servizos en perigo de extinción, e o pouco que queda del está totalmente desmantelado, o que impide consolidar a vertebración das comunicacións entre os veciños e veciñas da comarca, que non teñen máis remedio que usar os vehículos particulares para desprazarse entre as localidades.

Pero quen máis sufre esta carencia, son os alumnos e alumnas matriculados en calquera das modalidades de ensino non obrigatorio, bacharelato e ciclos formativos nos centros de ensino da bisbarra, en concreto nos I.E.S de Terra de Soneira de Vimianzo, no I.E.S. Agra de Raíces e no I.E.S. Fernando Blanco de Cee.

No caso do centro de ensino de Vimianzo, o alumnado de Camariñas é o máis afectado, dado que sobre 40 nenos e nenas non teñen transporte público para acudir as aulas durante toda a semana do curso escolar, no horario de 8:45 ás 14:25 da mañá, e na tarde do luns, de 15:50 a 18:30. A liña regular de autobús que existe entre Camariñas e Vimianzo, entre o luns e venres, sae ás 6:27 da mañá, e pola tarde de Vimianzo a Camariñas vai de volta ás 18:00. Os 40 alumnos de Camariñas non poden adaptarse a

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 09:35:42
Nº Rexistro: 6623
Data envio: 04/07/2024 09:35:42.256

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dito horario, dado que o da mañá sae demasiado cedo, e tendo en conta que a viaxe non chega a 30 minutos, non ten sentido que estean unha hora e media esperando a entrar nas aulas, e na tarde do luns, estas rematan media hora máis tarde das 18:00, hora de saída do bus. De martes a venres, non existen autobuses para que poidan volver xantar na casa, tendo que esperar ata as seis da tarde. Xa non falemos dos camariñáns que van ao instituto a Cee, que non teñen bus pola tarde para volver, e os que van aos institutos de Baio e Ponteceso non teñen directamente liña de bus desde Camariñas ata ditos municipios, xa que actualmente non existe e teñen que ir nos seus vehículos particulares.

No caso dos centros de ensino en Cee, no Agra de Raíces hai 39 alumn@s matriculados en cursos de educación non obrigatoria, que viven nos concellos de Carnota (13), Fisterra (17), Muxía (6), e de Mazaricos (3), e que ou ben non contan con liñas de autobuses adaptados aos seus horarios de aulas, ou teñen tal saturación nas liñas de buses ordinarios, que teñen que realizar a viaxe de pé ou nas escaleiras, como é o caso dos rapaces e rapazas de Fisterra, e onde moitos pais e nais optan por autoorganizarse con viaxes en coche particular. O horario das aulas no I.E.S. Agra de raíces é polas mañás de 8:30 a 14:05 de luns a venres, e na tarde do luns de 16:30 a 18:10.

E no caso do I.E.S. Fernando Blanco, arredor de 50 alumn@s de ensinanzas non obrigatorias, proceden só do concello de Fisterra, que se atopan cos problemas diarios durante o curso escolar de que ou ben non teñen prazas nos autobuses que levan alumnado das ensinanzas obrigatorias e liñas regulares de transporte, ou teñen que ir de pé nos propios autobuses, ou directamente, acoden ás aulas en coche particular, porque os horarios da liña tampouco se adaptan aos seus das aulas, que son de 8:30 a 14:00 de luns a venres, de 16:00 a 18:30 de luns a xoves nos ciclos formativos, e de 16:00 a 17:40 os luns no caso do bacharelato. @s alumn@s de Muxía, que acoden a este centro,



CSV: BOPGDSPG-yPbKUhUv5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o ano pasado tiveron que reclamar un autobús específico porque non tiñan liña regular co centro en Cee, servizo que a Consellería accedeu a poñelo en marcha, despois das protestas dos pais e nais.

A problemática de falla de liñas ordinarias, de non coincidencias cos horarios dos centros educativos, ou a saturación das poucas liñas de transporte existentes, son unha constante na costa da morte, o que indica que o transporte público na comarca non é operativo, cando menos no servizo que debera prestar aos alumnos que están matriculados en algún curso de educación non obrigatoria. A mobilidade en transporte público na Costa da morte é un auténtico desastre, un sistema desmantelado durante anos pola Xunta, cunha planificación nada meditada e non adaptada ás necesidades existentes da veciñanza, provocando que os desprazamentos se teñan que facer maioritariamente en coche, solución que non contribúe de ningunha forma a reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro na loita contra o cambio climático, e a cumprir o obxectivo de ter unha mobilidade sostible en aras de cumprir os ODS da axenda 2030.

Anteriormente expuxéronse algúns dos problemas detectados no curso 2023-2024, pero son moitos máis os existentes, pois coa oferta de formación profesional para o curso 2024-2025, como a ofrecida en concellos como en Baio, no IES Maximino Romero de Lema, no EFA Fonteboa de Coristanco ou no IES Ramón Caamaño de Muxía, onde non hai liñas de autobuses que conecten o resto de concellos con estes centros, como pode ser o caso de Muxía, que parece que só van poder ir alumno@s do propio concello ao ciclo de cociña e restauración, salvo que estes consigan ir noutro medio de transporte que non sexa público. O mesmo pasa cos alumn@s que queiran ir ao centro de Fonteboa, en Coristanco, oferta formación relacionada con profesións para traballar en actividades do medio rural, e idéntica situación teñen os alumnos de Camariñas que queiran ir aos institutos de Cee, que sobre todo teñen dificultade coas viaxes de volta ás súas localidades.



CSV: BORISDRG-yxd4fkd1t5-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 09:35:42
Nº Rexistro: 6623
Data envío: 04/07/2024 09:35:42.256

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En breve, rematarán os prazos de matrícula do vindeiro curso, e a Xunta poderá acceder a todos os datos precisos do alumnado matriculado na ensinanza non obrigatoria nos centros mencionados, polo que compre que a propia Xunta de Galiza realice un estudo exhaustivo para dar unha solución definitiva á demanda de transporte público para este alumnado, pois non ten sentido que o goberno galego pregoe a todos os ventos unha campaña como a da tarxeta "xente nova" para que os rapaces e rapazas poidan realizar viaxes gratuítas no transporte público, se non hai liñas de transporte que poidan utilizar na Costa da Morte, porque non existen.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

1. Elaborar de forma urxente un estudo co obxectivo de analizar e coñecer o alumnado matriculado en ensinanzas non obrigatorias nos IES da Costa da Morte que precisan transporte público no curso 2024-2025 dende as súas localidades.

2. Crear as liñas de transporte público necesarias para cubrir a demanda deste alumnado, adaptándoas aos horarios dos Centros de ensino.

3. Realizar as xestións oportunas coas empresas concesionarias de transporte público na Costa da Morte, para que cubran a demanda existente polo alumnado de ensinanza non obrigatoria nas liñas existentes e as adapten aos horarios dos centros educativos".

CSV: BOPGDSPG-yjDuHj0Hc-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 09:35:42
Nº Rexistro: 6623
Data envio: 04/07/2024 09:35:42.256

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
**Paulo Ríos Santomé**
**Cristina Fernández Davila**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 04/07/2024 09:34:00**

**Paulo Ríos Santomé na data 04/07/2024 09:34:11**

**Cristina Fernández Davila na data 04/07/2024 09:34:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2024 09:34:34**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 13:13:30
Nº Rexistro: 6655
Data envio: 04/07/2024 13:13:30.214

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García** e das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Iria Carreira Pazos,** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a creación do grao de psicoloxía na Universidade privada de Abanca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días o Presidente da Xunta de Galiza anunciaba a creación do grao de psicoloxía por parte da Universidade Intercontinental da Empresa, ou o que vén sendo o mesmo, a universidade de Abanca.

Deixando a un lado as críticas recibidas pola creación desta universidade por parte de todos os entes da universidade pública galega, polos sindicatos e por partidos políticos diferentes ao PP, esta creación do grao de psicoloxía convértese nun novo paso privatizador amparado pola Xunta de Galiza e un novo ataque á universidade pública do noso país.

E é que a creación deste grao xera unha evidente duplicidade na oferta, xa que este título vén impartíndose na Universidade de Santiago de Compostela desde hai moitos anos, polo que existe unha clamorosa vulneración da Lei Galega do ano 2013 que non permite a creación de graos xa existentes no SUG.

Pese a isto, a Xunta de Galiza seguiu para adiante incumprindo a lei que o propio PP votou a favor, xerando unha clara diferenza de oportunidades entre aqueles estudantes con moitos recursos económicos e aqueles que non os teñen.



CSV: BORISDBDGHB3qMIQe99
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 13:13:30
Nº Rexistro: 6655
Data envio: 04/07/2024 13:13:30.214

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a reavaliar a autorización e posta en marcha do grao en Psicoloxía na Universidade Intercontinental da Empresa ao incumprir o disposto na Lei do Sistema Universitario de Galiza do ano 2013."

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**
**Iria Carreira Pazos**
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
**Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 04/07/2024 13:03:57**

**Iria Carreira Pazos na data 04/07/2024 13:08:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2024 13:08:51**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6660
Data envio: 04/07/2024 14:06:03.377

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luís Bará Torres** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a execución orzamentaria do IGVS no ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza comprometeu un investimento de 140.700.307€ por parte do IGVS para o ano 2023. Logo das modificación de crédito o investimento previsto era de 227 M€. Porén as obrigas recoñecidas ao peche do exercicio orzamentario son de 134M€. É dicir a execución foi dun 59%. Se temos en conta os gastos comprometidos a contía aumenta aos 187M€, pero segue representando apenas un 71,6% dos orzamentos dispoñibles.

Se analizamos o gasto por capítulos vemos como as maiores variacións prodúcense nos capítulos relativos a transferencias correntes, cun 48,7% do crédito vixente executado, no capítulo de investimentos reais, cun 71% executado e no capítulo de transferencias de capital, cun 54,8% executado.

Afondando nos datos vemos como o capítulo de transferencias correntes sofre unha grande variación entre o orzamento executado e o inicialmente previsto. Por exemplo, no programa 451B de Acceso á vivenda existía unha partida relativa ao Plan para o acceso á vivenda 2022-2025, por 15,6M€, dos cales só se executaron 5,4M€. Porén o programa bono alugueiro mocidade aumentou 9 M€. De forma que aínda que a cifra global de transferencias correntes deste programa sexa parella ao inicialmente

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

previsto, o certo é que de forma individual houbo modificación substanciais respecto do documento inicial presentado.

Ademais no capítulo relativo a investimentos reais hai que ter en conta que á baixa execución final súmaselle tamén unha importante baixada de crédito vixente respecto do orzamento inicial. En concreto nos orzamentos presentados preváse 34,9M€ en investimentos reais, que logo foron modificados á baixa en 23,2M€, dos que finalmente foron executados 16,5M€. De aí que neste capítulo sufrisen grandes recortes partidas destinadas a solo residencial, que contaba cun orzamento de 8,9M€ dos que só se executaron 2,9M€, tamén a construción de vivendas VPP, que dos 8M€ iniciais investíronse 2,6M€, ou o programa axuda a rehabilitación residencial e vivenda social (MRR) dos que non se executou nin un euro dos 2,5M€ previstos.

Por outra banda se analizamos a execución por programas do IGVS tamén se observan diferencias notables entre os mesmos que revelan as prioridades do actual executivo. O programa de 451A de Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda dispuña dun crédito vixente de 141,7M€, dos que se executaron 85M€, o que representa un 60,3%. En cuanto ao programa 451B de Acceso á vivenda, contaba cun crédito vixente de 76,2 M€, dos cales se executaron 40,6M€, apenas o 53,3%. Por último, o programa 531A de Promoción de solo para actividades económicas contaba con 9,8M€ de crédito vixente, dos que se executaron 8,3M€, o 84,9%. Por tanto, o programa con menor grao de execución é o relativo ao acceso á vivenda. En liña coa falla de aposta do executivo polas políticas públicas de vivenda.

Ano tras ano as contas do IGVS sofren grandes alteracións sobre as previsións comprometidas. Consolídase, así, unha sistemática no proceder por parte do goberno: escura, sen transparencia e de incumprimento dos seus propios compromisos.



CSV: BORISDRG-1zDXp0KQG9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6660
Data envio: 04/07/2024 14:06:03.377

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego advertimos da necesidade de avaliar os resultados e execución orzamentaria por parte do IGVS e de mudar este proceder.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O parlamento insta a Xunta a

- Realizar un informe de avaliación da execución orzamentaria de 2023 por parte do IGVS onde se dea conta- partida por partida- das actuación realizadas e que dea explicación das modificacións de crédito e das desviacións respecto das obrigas recoñecidas. Así mesmo detallaranse as actuacións que foron realizadas en cada partida e as que quedaron sen executar.

- Como conclusión dese informe, propor medidas correctivas de cara ao vindeiro exercicio orzamentario que permitan axustar a fiabilidade e cumprimento das próximas contas".

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**
Deputada do G.P. do BNG
**Luís Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPGd1pDXkpOKC59
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 6660
Data envio: 04/07/2024 14:06:03.377

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 04/07/2024 13:49:37**

**Luis Bará Torres na data 04/07/2024 13:49:49**

CSV: BORSUDPG1-1D1Kp0XQ-59
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:33:13
Nº Rexistro: 6666
Data envio: 04/07/2024 16:33:13.608

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a supresión da quenda de tarde no Centro de Saúde de Ponteareas durante o verán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde e de Ponteareas atópase nunha situación de caos e de colapso debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións que provocou en agosto de 2021 a supresión no Centro de Saúde de Ponteareas da quenda de tarde,  tanto en Medicina Familiar como Pediatría.

Dende entón, moitas persoas están sen asignación de médico/a de familia, correspondentes á quenda de tarde, que aínda que foi recuperada fai pouco, fíxose contando co mesmo número de médicos/as, e grazas á presión social e ás denuncias constantes da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública da Comarca. Os cupos que atenden cada un dos profesionais cada vez son máis numerosos, converténdose Ponteareas nun destino non desexado para as sanitarias que optan a unha praza vacante, como comprobamos nos últimos anos.

A falta de persoal sanitario e non sanitario agrávase na época vacacional, cando o centro funciona cun terzo do cadro de persoal. A finais do mes de abril a Coordinadora do Centro de Saúde deu orde ao persoal administrativo de bloquear as quendas de tarde e anular todas aquelas que xa estaban adxudicadas a partir do 1 de maio.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:33:13
Nº Rexistro: 6666
Data envío: 04/07/2024 16:33:13.608

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daquela, o BNG xa presentara unha iniciativa para instar ao goberno da Xunta a que reforzara as prazas necesarias para evitar este peche. Esta orde foi revogada ata finais de xuño en que confirman que durante todo o verán esta quenda de tarde queda finalmente eliminada.

Esta situación provoca grandes dificultades para que moitas persoas poidan achegarse ás consultas na quenda de mañá por non poder compatibilizar coas súas xornadas de traballo, sumado aos problemas que hai para conseguir citas telemáticas ou que alguén atenda as chamadas telefónicas para consultas ou petición de citas.

Convértese así Ponteareas, unha vez máis, nun concello onde a maior parte da poboación ten verdadeiras dificultades para ser atendido das súas doenzas puntuais ou crónicas.

Por todo isto o PAC de Ponteareas ten que soportar numerosas urxencias da veciñanza da localidade e doutros concellos por non ter atención tamén nos seus propios centros. Prodúcese un colapso importante cando o persoal sanitario debe saír a atender urxencias ou a persoas dependentes no seu domicilio, quedando numerosas doentes á espera do seu regreso, en ocasións, horas máis tarde.

Hai un grande retraso nas citas médicas (ata 5 semanas de agarda), probas, analíticas, revisións, consulta de resultados de probas...

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento insta ao goberno da Xunta de Galicia a:

1.- Dotar ao centro de saúde e ao PAC de Ponteareas do persoal facultativo, de enfermaría e persoal non sanitario necesario para substituír as baixas laborais, vacacións



CSV: BOPGDSPG-5aqJEN0ZC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 16:33:13
Nº Rexistro: 6666
Data envio: 04/07/2024 16:33:13.608

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e permisos e así prestar unha atención sanitaria de boa calidade á poboación de Ponteareas.

2.- Manter a quenda de tarde nas consultas de Medicina de Familia, Enfermaría e Pediatría de maneira que se garanta unha atención estable e se evite a saturación, a sobrecarga das axendas e ter que acudir ao servizo de urxencias.”

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG
**Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 04/07/2024 16:27:15**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/07/2024 16:32:32**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/07/2024 16:32:36**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:02:39
Nº Rexistro: 6668
Data envio: 04/07/2024 17:02:39.179

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Cristina Fernández Davila** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de ampliación das instalacións do CEIP de Mondariz Balneario para dispoñer de ximnasio, vestiarios, comedor e aula multiusos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Xefatura Territorial de Educación en Pontevedra a demanda da comunidade educativa do CEIP de Mondariz Balneario para resolver as carencias dotacionais significativas que afectan á calidade do servizo prestado.

Neste contexto, o goberno do Concello de Mondariz Balneario levou a cabo diversas accións dirixidas a mellorar a situación do edificio. Reformas na fachada principal, no tellado, dos accesos e nas escaleiras, optimizando as condicións nas que permanece o alumnado nas aulas. Nesta liña, ten solicitadas ademais subvencións para substituír o antigo sistema de calefacción de gasóleo por un moderno e máis eficiente por aerotermia e mudar as ventás co obxectivo de mellorar o illamento térmico, malia que estas dúas cuestións serían competencia plena da Consellaría de Educación.

Pero hai unha necesidade específica que precisa da intervención da administración educativa que é dispoñer dun espazo para comedor. Na actualidade o alumnado está a desprazarse a diario ata un local habilitado pola ANPA, a bastante distancia do centro, ao carón da estrada provincial e entendemos que é un risco innecesario e que este servizo debera realizarse nas propias instalacións da escola.

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:02:39
Nº Rexistro: 6668
Data envio: 04/07/2024 17:02:39.179

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén é preciso construír un espazo multiusos cuberto para poder empregar o patio nos días de choiva e realizar actividades físicas. Necesítase tamén unha nova biblioteca, mellor equipada e que permita liberar o espazo da actual para ser utilizado como aula, pois estas carencias están a producir o rexeitamento de bastantes matrículas por non ter capacidade suficiente para dotar ao centro dunha nova unidade. Esta situación está a influír negativamente no asentamento de familias que están interesadas en afincarse neste concello de xeito estable e unha das súas prioridades e poder dispoñer do servizo educativo e de conciliación.

Esta petición xa foi realizada por parte da Alcaldía, que solicitou ata en tres ocasións unha reunión cos responsables de educación, así como da dirección da escola e son agora as familias usuarias as que poñen de manifesto a importancia de poder contar co servizo de Comedor Escolar que dea resposta á conciliación familiar e laboral.

O CEIP de Mondariz Balneario é unha escola que está incrementando o número de alumnado ano a ano, debido entre outras cousas á súa situación nunha vila cun grande patrimonio cultural e natural e que harmoniza á perfección coa contorna rural. Neste intre, polo falta de espazo está rozando o seu teito de número de matrículas.

As nenas e nenos matriculados na actualidade neste centro educativo, entre os tres e os doce anos, realizan exercicio físico no porche da parte traseira do edificio de pedra, agás cando chove moito ou a temperatura é baixa de máis, que deben permanecer no interior do edificio sen poder impartir a parte práctica da materia de educación física (en primaria) ou psicomotricidade para as máis cativas.

Igual que acontece noutros centros educativos públicos no rural en Galiza e mesmo na Comarca, non dispoñer das instalacións para ximnasio, está a limitar a formación que deben recibir os nenos e nenas, existindo un agravio comparativo con respecto ao alumnado en centros escolares de núcleos urbanos, que prexudica ademais á matrícula dos centros e o evidente risco dun futuro peche das escolas.



CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:02:39
Nº Rexistro: 6668
Data envio: 04/07/2024 17:02:39.179

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este colectivo educativo non queren atoparse nesta situación, xa que todas as familias cren firmemente na educación no rural, nun entorno tan singular e enriquecedor como é o desta pequena vila da comarca do Condado.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que, tendo en conta as peticións da dirección do CEIP de Mondariz Balneario:

1.- Sexan realizados os estudos técnicos precisos e as obras para poder contar cun anexo á edificación actual que dote dos espazos necesarios para dispoñer dun ximnasio, vestiarios, biblioteca e comedor escolar, que permita impartir educación física e psicomotricidade nun espazo apropiado e a cuberto.

2.- Implementar un servizo básico, como é o comedor escolar, que é demandado por moitas familias que precisan conciliar."

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

**Ariadna Fernández González**

Deputadas do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGqM1Vy9nH4o9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:02:39
Nº Rexistro: 6668
Data envio: 04/07/2024 17:02:39.179

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 04/07/2024 16:48:10**

**Ariadna Fernández González na data 04/07/2024 17:01:27**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/07/2024 17:01:33**

CSV: [illegible]
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:43:00
Nº Rexistro: 6672
Data envio: 04/07/2024 17:43:00.415

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a necesidade ampliar o uso do apeadeiro de mercadorías da PLISAN tamén para viaxeiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro do pasado ano o Presidente da Xunta anunciaba nos medios de comunicación o comezo das obras para conectar o Porto de Guixar en Vigo, coa PLISAN no Condado, nos concellos das Neves e Salvaterra, construíndo así un apeadeiro que posibilitaba unir mediante o ferrocarril os peiraos de Vigo e o polígono empresarial, así como unha conexión á liña entre Vigo e Ourense. A PLISAN contará con máis de 4 millóns de metros cadrados, despois da última ampliación que recuperou para o ámbito, mediante a incorporación deste espazo ao Mapa de Áreas Industriais de Galiza, un millón de metros excluídos por sentenza xudicial do ano 2010..

Esta obra que foi impulsada entre a Xunta (a través do IGVS), Porto de Vigo e o Consorcio da Zona Franca e financiada con máis de 33 millón de euros (9 dos cales con fondos europeos) foi deseñada para facilitar o transporte de mercadorías, pero sen pensar nos centos de persoas que traballan na única empresa instalada na actualidade no Polígono, nin por suposto, nos milleiros de persoas que nun futuro próximo terán o seu posto de traballo nos centos de empresas que serán instaladas neste macropolígono.

Parece un proxecto que nace con pouca ambición e altura de miras tendo en conta as seguintes cuestións:



CSV: BOPGDSPGBmpvDqjM9cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A PLISAN é o maior polígono loxístico-empresarial galego.

- A infraestrutura ferroviaria que se está a desenvolver debe servir tamén para uso de viaxeiros e así achegar ás persoas traballadoras ao polígono.

- Se temos en conta os indicadores de descarbonización, de sostibilidade e os medioambientais que as distintas administracións públicas están obrigadas a cumprir derivadas das directivas europeas, parece máis apropiado que o maior número de persoas empregadas no polígono poidan facer os seus desprazamentos en transporte público.

- A redución de espazos reservados para aparcamento de vehículos privados.

- Conectar ademais á poboación (preto de 60.000) persoas da comarca con municipios como Vigo ou Ourense, dúas cidades referentes do emprego para moitos veciños e veciñas.

O mesmo Presidente, nas declaracións feitas na súa visita ao polígono, afirmaba: "a importancia do ferrocarril para a industria e as persoas, que necesitamos para chegar ao porto e para exportar" e engadía que "enmárcase no proxecto de dotar á PLISAN dun Centro Intermodal de transportes, que permita conectar a que está chamada a ser a gran zona de actividades loxísticas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal coa liña ferroviaria que transcorre pegada á mesma. Hai moito futuro aquí". Pero precisamente ao planificar tan só o tráfico das mercadorías, están a limitar ese horizonte de futuro.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:



CSV: BORISDBDGBdpDdjMlocC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2024 17:43:00
Nº Rexistro: 6672
Data envio: 04/07/2024 17:43:00.415

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Negociar e planificar (co Porto e Zona Franca) a ampliación de uso a viaxeiros do apeadeiro da PLISAN, coa finalidade de dar cobertura de transporte público a todas as persoas traballadoras nas empresas da PLISAN así como á veciñanza da Comarca do Condado-Paradanta, nos seus enlaces de cercanías con outros concellos, pero tamén con Vigo e Ourense

2.- Compartir este estudo ou planificación coas corporacións municipais dos concellos da Comarca Condado-Paradanta e colectivos sociais e veciñais."

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**
**Paulo Ríos Santomé**
Deputada e deputado do G.P. do BNG
**Luis Bará Torres**
Portavoz s. do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 04/07/2024 17:35:16**

**Paulo Ríos Santomé na data 04/07/2024 17:41:34**

**Luis Bará Torres na data 04/07/2024 17:41:35**

CSV: BOPGDSPGBxpti0qjM9cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-bp3qpM0cC-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/